

• CADERNOS DO MUSEO ETNOGRÁFICO MONTE CAXADO •

Nº

4

**LENDAS ILUSTRADAS
DO EUME E ORTEGAL**





TEXTO E ILUSTRACIÓNS ▶ José María López Ferro

FOTOGRAFÍAS ▶ Arquivo fotográfico do Museo Etnográfico Monte Caxado
José María López Ferro

DESEÑO E MAQUETACIÓN ▶ Laura Decibreiro

IMPRIME ▶ Grupo Imaxina

EDICIÓN ▶ Fundación Museo Etnográfico Monte Caxado, 2021

DÉPOSITO LEGAL: C 1829-2021

Esta obra foi financiada con cargo ao Programa de Subvencións a
Fundacións e entidades sen fins de lucro da Provincia da Coruña
para o ano 2020, da Deputación da Coruña.

LIMIAR	05
LENDAS, MITOS E CONTOS	07
CARACTERÍSTICAS DAS LENDAS	09
O ESTUDO DAS LENDAS DE GALICIA	11

AS NOSAS LENDAS PONTESAS

13

• Os tres ríos	15
• A eterna namorada	17
• Santa (Eulalia) Olaia do Portorroibo	20
• A cidade asolagada de Valverde	22
• Outra versión do asolagamento do val de As Pontes	23
• O sartego ou baño do Santo de Pontoibo	25
• O Rei Bermudo	28

LENDAS DOS ENCANTOS (PERSOAS ECANTADAS)

NAS MEDOÑAS

29

• Encanto das medoñas de Marraxón	31
• Os sapos cantareiros de Marraxón	34
• O encanto das medoñas da Fonte das Boliqueiras	37
• Os trasnos do río Eume	39
• A Virxe de Pena de Francia	42
• A Santa do Carballo	44
• A Cruz das Cabezas	46
• O porco bravo da Toca	48
• As cen doncelas	50
• O home das Fragas da Ribeira	53
• A moura que peiteaba os seus cabelos cun peite de ouro na Fonte da Forxa	56
• A trabe de ouro e a trabe de alcatrán no lugar da Casilla no Paraño	58
• A dona encantada no foso do Rego do Cocido no Paraño	60
• O cabalo negro das Fragas do Eume	62
• O gaitero e os lobos da Fraga do Eume	65

LENDAS POLO CAMIÑO

DOS ARRIEIROS

67

• A galiña e os pitos de ouro. O encanto do Caxado	69
• A moza encantada do Monte Caxado	72
• O xugo de ouro do Monte Caxado	76
• A Santa Compañía en procesión polo Freixo	78
• Os nenos sen bautizar no cruceiro do Freixo	81
• O demo do Muíño do Cubo. Lenda do Pulgón	84
• As penas no lugar do Pulgón	87
• O ermitán do Serrón de San Xoán	90
• As pegadas da mula na Costa da Santa	93
• O nome da Serra da Faladora	95
• A orixe do Cristo de Mouraz	97
• O Cristo de Mouraz	100
• O encanto na Serra da Faladora	102
• O Forno dos Mouros	105
• O pé da mula na Serra da Panda	107
• O Pozo da Vella, nos Candedos de Abaixo	109
• Mamede Casanova, alias "Toribio", o bandoleiro	111
• A cobra que mamaba o leite no canto do neno, no Deveso	115
• A cobra e a vaca no lugar do Deveso	118
• Pepa A Loba nas Fragas do Eume	120
• A Pena das Costureiras no Monte Forgoselo	124
• A Fonte Santa de Cabreiros	126
• A Fonte Santa das Neves na Capela	128
• O anel de San Rosendo	130
• Roxín Roxal	132

BIBLIOGRAFÍA

135

FONTES ORAIS

136

LIMIAR

Dentro da Cultura dun pobo, sempre hai unha parte material e outra inmaterial que se transmite de xeración en xeración ao longo do tempo. A cultura inmaterial é a que máis risco ten de perderse, pois moita dela é transmitida oralmente e, en moitas ocasións, morre coa persoa que a posúe e non tivo ocasión de transmitila. De aí a necesidade de recollela por escrito, para garantir a súa conservación para as vindeiras xeracións e de aí que hoxe presentemos este número IV de Os Cadernos do Museo, dedicado a nosa cultura inmaterial, tan rica e que estamos a perder a pasos axigantados.

O contido é, como xa poden imaxinar, as nosas lendas; mais nesta ocasión quixen aportar un punto persoal é fixen unha ilustración alusiva a cada lenda para destacar un pouco máis o misterio que envolve a cada unha delas.

Dentro da rica Cultura Popular pontesa contamos con moitas manifestacións: adiviñas, refráns, recitados, cantigas, trabalinguas, contos... e lendas. Dentro destas últimas temos algunhas que son moi fermosas.

O que fora o noso Cronista Oficial pontés, D. Enrique Rivera Rouco, recolleu algunhas e nolas transmitiu por escrito nos seus traballos como parte desa cultura material e inmaterial que forma parte das nosas raíces como pobo pontés e como pobo galego, e que é algo que nos identifica e que nos une, e que por iso non debe perderse. E esta é a finalidade deste traballo, ou deste Caderno N^o4.

Asemade, nel, recóllense algúns exemplos das lendas existentes nos concellos veciños, onde hai moitas máis, pero que sería imposible referilas todas pola extensión do traballo, polo que fago máis fincapé nas do noso concello. Algunhas son moi coñecidas e outras non tanto, agardo co lector as descubra, pois son un tesouro da tradición oral, contadas de avós a netos e de xeración en xeración e que, a través do tempo, chegaron ata nós.

Merecían estar recollidas nun libro, neste caso caderno número 4 do MEMC, todas xuntas e dentro dun lendario pontés-comarcal escrito. Coido que este tesouro, contado moitas veces a carón do lume da lareira nas longas noites de inverno debера conservarse e non perderse na noite dos tempos. Están dentro da nosa esencia como ponteses e como galegos, forman parte do noso ADN. Debemos conservalas e transmitilas ás novas xeracións.

E, por último, agradecer á Deputación de A Coruña e ao seu Presidente, D. Valentín González Formoso, que a impresión deste caderno sexa posible, así coma tamén o foron o dos anteriores números.

LENDAS, MITOS E CONTOS

Aínda que parezan moi similares, non son o mesmo as lendas, os mitos e os contos; teñen as súas diferencias que imos aclarar:

Por definición, as lendas son narracións populares que contan un feito real ou imaxinario, adobiado con elementos fantásticos ou abraiantes do folclore, que se transmiten de xeito oral de xeración en xeración.

Non temos que confundilas cos mitos, que son relatos maravillosos protagonizados por personaxes sobrenaturais (deuses, semideuses, monstros...) ou extraordinarios (heroes). Nin cos contos, que son relatos de feitos que lle acontecen a uns personaxes, cunha trama pouco desenvolvida e un desenlace rápido.

CARACTERÍSTICAS DAS LENDAS

A maioría das lendas teñen algunhas destas características:

- Ten a súa orixe na tradición oral
- Transmítese de xeración en xeración
- Céntrase nun personaxe principal
- Sitúase nun tempo e nun lugar específico
- Baséase en feitos naturais ou sobrenaturais
- Parte dun feito ou suceso histórico concreto
- Inclúe elementos da realidade e elementos fantásticos
- Intenta dar unha explicación a un fenómeno
- Pode ser tomada coma unha narración verídica
- Transfórmase a través do tempo e pode ter varias versións, pois ao transmitirse de xeito oral vai variando ao longo do tempo, ás veces, engadindo novos elementos.
- Forma parte da cultura dos diferentes pobos
- Transmite ideas ou valores
- O seu principal obxectivo é darlle senso a unha sociedade ou cultura.

O ESTUDO DAS LENDAS EN GALICIA

Murguía foi dos primeiros galegos en preocuparse polas nosas lendas galegas. Logo, o Seminario de Estudos Galegos e, concretamente, os investigadores Risco, Bouza-Brey, Cuevillas e Fraguas e, máis tarde, Taboada Chevite, Chao Espiña e Leandro Carré. Na actualidade hai varias publicacións onde se recollen lendas de toda Galicia, moitos de zonas concretas (provincias, comarcas, pobos...).

Se tiveramos que clasificalas, poderíamos seguir a clasificación que delas fai D. Vicente Risco e que é a que segue:

- *Etiolóxicas*, as que explican a orixe dunha cousa ou dun feito.
- *Haxiográficas*, que refírense a algún feito da Virxe, dos Santos ou do mesmo Xesús.
- *Históricas*, que destacan algún feito do pasado histórico cunha interpretación popular.

O que acontece, é que, en moitos casos, algunhas poderían encadrarse en dous tipos á vez doadamente.

Tamén compre aclarar que nas lendas nas que se fala de mouros e mouras, hai que entender que esta acepción se refire a identificación de mouro-moura como “pagán-pagá” e non aos mouros ou musulmáns invasores da Península e que, no caso das construcións megalíticas é máis claro aínda dada a non coexistencia dos mesmos, os megálitos son anteriores. O que acontece é que o termo de pagán desaparece e é substituído polo étnico de mouro.

AS NOSAS LENDAS PONTESAS

No noso concello temos espalladas moitas lendas por todo o seu territorio, lendas e encantos que moitos deles xa están esquecidos e perdidos.

Moitas delas recollen feitos dun certo carácter histórico, outras explican a orixe dun nome, lugar... e outras contan feitos relacionados cos Santos, coa Virxe...

As que temos recollidas, poderían encadrarse nesta clasificación, do apartado anterior, pois as temos dos tres tipos e algún máis. Dentro das Etiolóxicas a lenda de “Os tres ríos”. Nas Haxiográficas, por exemplo a lenda de “Santa Olaia”. E nas Históricas, por exemplo a lenda de “As cen Doncelas” ou a do “Rei Bermudo”.

Ás veces, fálese de “encantos”. Os encantos soen ser persoas que foron enfeitizadas e que permanecen encantadas en lugares concretos: fontes, ríos, penas, covas, soterradas... e que dan lugar as lendas que hai sobre estes sitios.

Como no Limiar comentei, unha das persoas que deixou recollidas moitas das nosas lendas de tradición oral dos nosos devanceiros, foi D. Enrique Rivera Rouco, “O cura dos Chaos” e que foi Cronista Oficial de As Pontes de García Rodríguez.

No seu libro “Historia de Puentes de García Rodríguez” e nos posteriores traballos en artigos en prensa, revistas das festas, radio e TV contaba algunhas delas e as daba a coñecer. A el se lle debe a lenda dos tres ríos, a da eterna namorada, a cidade asolagada de Valverde, os sartegos de Pontoibo, etc., etc., que recolleu e que pasaron aos nosos días sen perderse para sempre na noite dos tempos. Moitas delas e outras máis, as recolleu tempo máis tarde Dona Esperanza Piñeiro no seu libro de “Lenda en lenda”. Pola miña parte tamén tiña recollidas algunhas.

Neste caderno o que fixen foi poñer moitas delas con diálogos para facelas máis amenas e, como xa dixeran, engadirilles un debuxo.

Todas, xunto con outras, conforman este caderno que hoxe se presenta.



OS TRES RÍOS



Eontan que, cando Deus fixo ao Mundo, na Serra do Xistral fixo nacer tres fontes, das que sairían tres ríos: O Landro, O Masma e o Eume.

Naceron os tres irmáns no mesmo lugar e eran fillos da mesma nai, a Serra do Xistral; mais, cada un deles, abocouno para unha ladeira distinta dela. O Eume baixaría pola do poñente e debería fertilizar as terras das Pontes, o Landro pola ladeira do norte e fertilizaría as terras das carballeiras e faríalles dar landras, de aí o nome Landro. E o Masma polo do raiente e que debería fertilizar as mareas, ou terras das mariñas. Esta foi a súa decisión para a nai e os seus tres fillos, mais antes da súa partida para seu encontro coa auga salgada, convocounos para prometerlles un don: – Ao primeiro de vos que chegue á costa terá “unha vida humana cada ano”, ou dito doutro xeito, ao primeiro que chegue ao mar, todos os anos afogará unha persoa nel.

Os irmáns estiveron de acordo e dispuxéronse para a viaxe cara o océano. Cando xa levaban un bo treito do camiño percorrido e xa ían cansos de furar nos penedos e na terra, acordaron parar a descansar e botarse a durmir, coa promesa de que o que espertase primeiro, chamaría polos outros dous. E así o fixeron, deitáronse e alá pola media noite espertou o Masma e para chegar primeiro non chamou ao seus irmáns e partiu, seguindo o seu camiño. De alí a un anaco, espertou o Landro e fixo o mesmo. O último en espertar foi o noso río Eume e cando se decatou da traizón dos seus irmáns, pois xa marcharan e non o chamaran, botouse cheo de carrexo a furar polas fragas, cara a Capela e por Caaveiro abaixo e logrou chegar o primeiro ao mar.

Dende entón, todos os anos, unha persoa afoga nel como tributo ao ter chegado primeiro.

(Noutra versión desta lenda, di que é o mar o que promete a vida humana e non Deus, pois aquel cobizaba moito a auga dos ríos).





A ETERNA NAMORADA



Haí anos houbo unha guerra en España, entre os absolutistas ou carlistas e os liberalistas ou isabelinos. Ou por dicilo doutra maneira, unha guerra entre irmáns, pois coma sempre, as ideas políticas e relixiosas cando se queren impoñer pola forza rematan causando mortes.

Na vila de As Pontes de García Rodríguez, había unha parella de namorados que se amaban de tal maneira, que non daban visto o día de poder xuntar as súas vidas para sempre, formar un fogar e ter unha familia. Mais, coma sempre, a vida non é o que un quere e como quere e, ao mozo, chegoulle a hora de facer o servicio. Naqueles tempos, se tiñas cartos podías librar, mais se non os tiñas, debías cumprir o servicio militar. O mozo pertencía a unha familia pobre que non puido pagar para libralo, polo que tiña que estar ao servicio da patria nun período de tempo que, para os namorados, parecíalles eterno.

A separación non lles sentou moi ben a ningún dos dous e non daban visto o intre de volver a xuntarse, pois o tempo non daba pasado.

A ela, que era unha moza fermosa, humilde e moi bondadosa, fóralle concedido un don co que nacera, un don co que de cando en vez nacen algunhas persoas especiais e que son quen de facer cousas especiais que ningunha outra persoa ten. Ela tiña unha relación especial coas plantas e era quen de falar con elas. Por onde ela pasaba, se as plantas estaban murchadas, revivían coa súa presenza e a floración era máis esplendorosa se ela estaba presente ou preto delas. O seu don era unha relación moi forte coa vexetación, influía nela dun xeito moi especial.

E o que acontecía case todos os días era que, ela con desacougo e sen ver o día da chegada do seu amado ao erguerse pola mañá, preguntáballe ás árbores se o vían vir. E, como eran altas, albiscaban ao lonxe moito mellor ca ela, mais as árbores non vían vir ao mozo polo camiño e así llo dicían. E como as cousas, ás veces, no canto de mellorar, empeoran, aconteceu que, estando nestas, tivo lugar a guerra antes nomeada e

se a dor pola separación era grande, agora moito máis. A posibilidade de morrer nela era algo que aterraba ao mozo e máis á moza tamén.

Os días pasaban e con eles os anos. Anos de desesperanza porque o mozo non viña e ela seguía a preguntar ás árbores, máis estas seguían sen velo. A moza desesperaba.

Rematou a guerra e o noivo non aparecía. As árbores non o podían ollar a súa figura ao lonxe por ningures e ante a dor da moza, murchaban antes da chegada do outono e perdían a folla coma se estivesen enfermas. As plantas non floreaban, pois as bágoas da noiva, cando caían na terra, transmitíanlle a súa dor, o seu pesar impedíndolles expresar a súa ledicia floral.

Pasou o tempo e perdeu ata aquela cousa de falar coas árbores preguntándolles se vían ao mozo. Perdera toda esperanza, o peor que se pode perder. O mozo tiña que estar morto, non había outra explicación a aquela prolongada ausencia. El amábaa e, de poder, estaría sempre ao seu carón.

Pouco a pouco, ela tamén foi murchando coma as árbores, como as plantas e morreu coa dor, morreu de amor.

Contan que as árbores deixaron de medrar, pois xa non tiñan que mirar ao lonxe para ser as primeiras en anunciar a chegada do mozo. E as plantas murchaban e secaban sen explicación lóxica coma se un inverno prematuro e permanente as afectase.

A noiva foi soterrada no cemiterio daquela época, o vello cemiterio que había tras da Igrexa Parroquial.

E dende entón, conta a xente, que as flores saían por si soas na súa tumba, non había necesidade de poñerllas. E había tantas, que a xente as collía para as outras e, cantas máis collían, máis saían. As plantas acompañábana na morte igual que na vida.


Contan tamén que polas noites víase unha luz sobre a súa tumba, se cadra, indicándolle o camiño ao mozo por se viña. Mais o mozo nunca volveu.

E din que o corpo da rapaza estaba incorrupto e que así o atoparon cando se trasladou o vello cemiterio parroquial ao das Campeiras. Coma se seguira agardando eternamente polo mozo que nunca máis regresou.

E deste xeito naceu a lenda de: “A eterna namorada”

(Soterrada no cemiterio vello, a carón da Igrexa Parroquial de Santa María das Pontes).





SANTA (EULALIA) OLAIA DO PORTORROIBO



Eontaban na miña casa que na lagoa de Carracedo houbera noutro tempo unha cidade próspera e esplendorosa.

A lenda dinos que nela vivían mouros e humanos, en paz e harmonía. Ata que a desgraza petou ás súas portas.

Malia que a vida nesta cidade era boa, as persoas que nela habitaban botaban o día de festa, sempre bébedos e mantendo relacións carnais entre mouros e humanos. Na praza da cidade, era frecuente ver postos de viño e cervexa, e arredor deles persoas espidas fornicando dende o solpor ata o amencer.

Mais de entre todos os habitantes da cidade había unha mociña, de nome Olaia (Eulalia), que trataba de levar unha vida plena entre tanto vicio e perversión que había ao seu redor.

Erguíase moi cedo tódolos días para facer as tarefas da casa e, a media mañá, saía buscar froitos á fraga, tratando de arredarse daquel ambiente insán que se respiraba nas rúas da cidade.

Unha mañá daquelas que estaba apañando amurillós na fraga, aconteceulle algo que marcaría o seu destino para sempre. Eulalia (Olaia) estaba axeonllada no chan, cando sentiu un ruído ás súas costas. Volveuse asustada pensando que algunha fera estaba axexándoa, mais nada viu. Seguía apañando amurillós cando de súpeto, diante dela, aparecéuselle unha figura envolta nunha especie de néboa branca e moi luminosa, que lle dixo:

— Eulalia (Olaia), hoxe non volvas á vila ata o anoitecer, pois hoxe é o día da redención dos pecadores da cidade. O vicio e a perversión, rematarán esta tarde. E mañá comezará un novo día no que a túa boa vontade será recompensada.

A aparición, non ben deixou de dicir estas palabras, desapareceu de súpeto. Eulalia (Olaia), malia a advertencia que lle fixera a figura, colleu medo e volveu á vila de inmediato. Camiñou apresurada pola rúa que ía cara a súa casa, entre ducias de borrachos e prostitutas. Entrou rápido na súa casa e pechou a porta. Aínda estaba temerosa e non sabía moi ben que facer. Por un lado tiña medo do que puidera pasar... E se aquela figura dicía a verdade? Estaría en grave perigo se se quedaba. Por outro, só o mero feito de abandonar o seu fogar, aquela casa que tanto traballo lle custara aos seus defuntos pais construír, quebráballe o corazón.

Sen saber moi ben que facer, acubillouse no leito de pallas e quedou durmida...

De súpeto un estrondo forte interrompeu o seu sono. Ergueuse e mirou pola fiestra. Unha tromba de auga como nunca antes vira baixaba pola rúa abaixo levando todo ao seu paso. Humanos e mouros afogándose, berrando pola súa salvación... Eulalia (Olaia) colleu forzas e subiu ao faiado da casa, confiada de que o nivel da auga non chegara ata alí, máis ao cabo duns instantes a auga comezou a asomarse pola escaleira. Sen pensalo dúas veces, abriu a xanela e botouse fora. A forza da corrente empurrouna rúa abaixo e viuse afogada... De súpeto a mesma figura que se lle aparecera na fraga, chegou voando e agarrouna polos brazos, levándoa consigo ao alto do monte, onde a puxo a salvo.

Eulalia, enchoupada de arriba a abaixo e presa do pánico mirou dende o outeiro a cidade, e nada dela quedaba. A figura estaba no certo, Deus castigara a aquelas xentes polos seus pecados. Foi entón cando decidiu agradecer a Deus que a salvara, e naquel mesmo outeiro onde a figura a pousara, ergueu unha capela en honor a Santa Eulalia (Olaia).

(O nome da santa estaba castelanizado na zona, e dicíase Santa Eulalia).



A CIDADE ASOLAGADA DE VALVERDE



Dende sempre, contaban os nosos devanceiros a lenda da cidade asolagada de Valverde e que estaba situada na beira do lago Carracedo que, noutrora, estaba próximo ao lugar do Portorroibo, lugares todos eles desaparecidos por mor da mina e, hoxe, lago.

Nesta cidade, os seus habitantes tiráronse ao vicio e a perversión, sen gardar as debidas composturas sociais, morais e relixiosas.


Deus quixo castigar aos habitantes desta cidade polo seu comportamento e asolagou a cidade, afogando todos os seus moradores, agás unha rapaza, a única honrada que non se dera a vicio e que saíu nadando e chamando por Santa Olaia para que a axudara e a salvara. A Santa, escoitando a súa chamada desesperada, axudouna e salvouna.

A rapaza agradecida, ergueu unha ermida en honor de Santa Olaia, a súa salvadora.

(Como vedes son dúas versións da mesma lenda).



OUTRA VERSIÓN DO ASOLAGAMENTO DO VAL DE AS PONTES



Contaba meu avó, José María do Paraño, que, nunha aldea próxima, había unha casa onde tiñan un libro que el lera e no que unha lenda contaba que o val de As Pontes fora asolagado por castigo divino por mor do mal comportamento dos seus habitantes, e tal feito que morreran todos en dito asolagamento.


Tamén, dicía o libro, que andando o tempo, As Pontes volvería a ser castigada sendo ardida ou queimada.

Entón cando se lía isto ou cho contaban, ti pensabas nun incendio, nun lume de toda a zona.

Como podemos ver a lenda escrita en dito libro cumpriuse, pois o val de As Pontes, sábese que foi un lago onde se foron depositando sedimentos que co paso do tempo se foron transformando en carbón, concretamente, nun carbón chamado lignito que, posteriormente, foi queimado ou ardido, tal e como contaba a segunda parte da lenda escrita no libro.

Claro que cando ma contaba meu avó, eu era aínda un neno e a chegada de Endesa aínda estaba lonxe no tempo; co que para min foi un acontecemento o de ver e comprobar como esta segunda parte da lenda, dun xeito distinto ao que eu coidaba, íase cumprindo andando o tempo. Mais aínda non rematou, pois o curioso e ver como o val foi asolagado de novo polo lago, coma se a lenda fose un bucle no tempo e estivera a comezar de novo outra vez. Cousas para ver!





O SARTEGO OU BAÑO DO SANTO DE PONTOIBO



Pois en Pontoibo aconteceu que un veciño de dito lugar, chamado Xosé, cavando un día na súa finca topou co que, ao principio, pensou que era un coio grande e ao tratar de sacalo, decatouse de que aquilo non era un coio, era o que parecía un pío. Mais a sorpresa aínda foi maior, pois ao tirar por el coa axuda dos bois para desenterralo, viu que ao seu carón había outro e sacouno tamén.

Logo decatouse de que non eran píos, senón dous sartegos. Mais calou o conto e co tempo, Andrés, un veciño do Aparral, que era matachín, e andaba matando os porcos por Pontoibo, preguntoulle se sabería quen podería venderlle un baño de pedra para salgar a carne do porco que ía matar, pois o que tiña era xa moi vello e rompéralle o ano anterior. El díxolle que dispoñía de dous e que lle vendería un se llo pagaba ben. Así foi, á semana seguinte, Andrés veu por el co carro e o levouno para a súa casa, pois a matanza do porco da ceba estaba próxima.

De alí a uns días pasou polo lugar de Pontoibo, Farruco, un ferreiro de Espiñaredo amigo do Xosé e veulle o outro sartego que tiña a carón da casa e preguntoulle se llo vendería pois o precisaba para atemperar o ferro da forxa. Malia que lle puxo prezo alto, o ferreiro mercoullo igual pois o precisaba con urxencia e non atopaba un pío por ningures.

Pasou un tempo e o Xosé xa case gastara os cartos obtidos polas vendas dos sartegos, pois cos dun mercáralle a unha veciña, unha adra de terra pegada a outra que herdara da súa nai; e cos do outro, arranxara parte da cociña. Os cartos paraban pouco e logo se ían.

Un día, primeiro de mes, Xosé veu á feira á vila e topouse con Andrés do Aparral, o matachín. Saudouno e o Andrés díxolle que vaia “pufo” levar a co baño de pedra para salgar, pois a carne podrecía e non salgaba nel. Aínda estaba tratándolle de dar unha explicación ao Andrés, cando unha man topoulle por tras, virouse e veu ao Farruco, o ferreiro de Espiñaredo, que lle espetou de súpeto:

– Enchín o pío que me vendiches de auga e non atempera, o que fai é fender o ferro quente!

Non lle quedou outra que explicarlles o acontecido, contándolles como os atopara e que eran dous sartegos e non píos para a auga.

Devolvéronllos e o Xosé devolveu os cartos, aínda que tivo que pedirlos emprestados a un irmán, pois os da venda xa os gastara había tempo e non os tiña.

Dos dous píos, un, o máis pequeno, púxoo ao pé da entrada da casa para que beberan nel os animais e o outro, o máis grande, quedou no adro da ermida. Case todo o ano estaba cheo de auga e, co paso do tempo, os veciños comezaron a asegurar que se un lavaba as mans e os ollos, curaban os males que puidera haber neles. E dende entón chamáronlle “O baño do santo”.

Todos os anos, polo San Vicente, celébrase a festa do lugar; a xente acude e aínda vai á misa, á poxa, á romaría e a lavarse as mans e a cara no “baño do santo”.

(Loxicamente os nomes son inventados e están aí para darlle contido á lenda).





O REI BERMUDO



Esta lenda vennos explicar de onde vén o topónimo de Bermui. O gran Rei de Galicia, Bermudo, elixido polos nobres galegos, fai uns dez séculos (contado no ano 1975), veuse acurrado cos ataques dos mouros, que por aqueles tempos facían as súas andainas polas nosas terras galegas.

O rei tiña por sede Santiago de Compostela, mais ante a proximidade do inimigo decidiu fuxir a Betanzos.

Os mouros, capitaneados polo xeneral Almanzor, viñan coma un furacán, destruíndo canto atopaban ao seu paso. Desfixeron por completo a cidade de Compostela e seguidamente atacaron A Coruña. Entón o noso Bermudo, ante a proximidade do inimigo, saíu de Betanzos cara o Norte e refuxiouse nos castros da montaña do poñente de As Pontes (a uns 6 quilómetros). Aquela terra dos castros recibiu dende entón o nome de Bermui (lugar de Bermudo), nome do ilustre fuxitivo.

Dende alí mandou soldados contra o inimigo, pero non tiñan potencia para detelo, pois os exércitos inimigos eran moi grandes en número. Ó pouco tempo, os mouros tomaron Betanzos, polo que o rei fuxiu para Oviedo, a casa do seu pai, pasando polo val de As Pontes na súa retirada.

O nome de Bermui venlle de Bermudo e a súa estancia nestes lugares.



LENDAS DOS ENCANTOS (PERSOAS ENCANTADAS) NAS MEDOÑAS

Houbo nesta Comarca moitos “encantados” nas foxas do Río Eume, nas penas e nas medoñas. Eran persoas que alí xacían en consecuencia dalgún maleficio; o que os vellos chamaban estar encantado. Falaban dende a súa prisión e poderían ser desencantados cumpríndolles algún requisito que pedían e, polo xeral, en troques de grandes riquezas



O ENCANTO DAS MEDOÑAS DE MARRAXÓN



E óntase que unha persoa encantada moraba nas medoñas de Marraxón. Un día que un veciño regresaba á casa e que pasaba polo pé de ditas medoñas, escoitou a voz do encantado que viña do interior delas e que lle dicía:

– Ola veciño! Eu son un encanto que estou condenado a morar eternamente neste lugar, agás cun humano me desencante. Pídoche que me axudes, se queres pódeme desencantar, só tes que facer o que eu che diga e como cho diga.

O outro, aínda un chisco asustado, respondeu que el era home sempre disposto axudar aos demais e que o ía axudar para romper o feitizo.

Entón o enfeitizado botou para fóra por un burato da medoña doce bolos de pan e díxolle:

– Se mañá mos devolves intactos o meu desencanto terá lugar e volverei a ser libre como persoa, se pola contra vén algún encetado o meu encanto perdurará pasa sempre. Ti, mañá pola mañá, tira de un en un os bolos enteiros por este mesmo burato. Mais ten coidado coa túa dona, pois as mulleres son moi levadas da curiosidade e pode encetar algún e, nese caso, perpetuaríase o meu encantamento.

E así aconteceu, o home marchou cos bolos indo ben avisado de non lles tocar. Chegou á casa e a súa dona preguntoulle que traía. El contoulle o acontecido nas medoñas e, deseguido, ceou e marchou para a cama. A muller comezou a matinar se os bolos serían máxicos e terían algún poder e, levada da curiosidade, encetou

un. Como non aconteceu nada, volveu a poñelos no seu lugar, procurando co bolo encetado non se lle vira o empezo. Logo foise deitar.

Á mañá seguinte, o home madrugou e despois de almorzar unha cunca de leite con sopas de pan, partiu cara as medoñas cos doce bolos de pan. Chegou alí e comezou a botar bolo a bolo polo burato da medoña para tratar de desfacer o encanto. No intre de caer o bolo encetado, comezáronse a escoitar uns berros de dor sobrenaturais, de desesperación pola desventura que lle viñera enriba ao encantado, xa que nunca máis tería a oportunidade de desencantarse.

O home decatouse entón de que a súa dona encetara un bolo...





OS SAPOS CANTAREIROS DE MARRAXÓN



N

unha das ladeiras do Pantano da Ribeira está situado o Monte Marraxón.

Din os vellos do lugar que, polo mes de San Xoán, no Monte Marraxón escóitanse os sons das campaiñas polas noites, non sabéndose moi ben a súa orixe ou procedencia, podendo ser os encantos que alí hai nas súas medoñas ou, tamén, puidera ser o paso da Santa Compañía que anda en procesión na procura dalgún incauto que ande por eses lugares a esas horas da noite, e o que se escoite sexa o tintinar da campaiña que anuncia o seu paso. Por esta razóns, nese mes de San Xoán, non é doado atopar a ningún camiñante por estes lugares ao anoitecer, agás que non quedara máis remedio.

Así lle aconteceu ao protagonista da nosa lenda que enfermándolle a muller a media noite non lle quedou outra que saír na procura do médico, polo que tiña que pasar polo lugar. Era unha noite clara do mes de San Xoán, estrelada e quente, desas noites que dá gusto saír fóra e sentarse escoitando os cantos dos grilos e das ras. Segundo se estaba achegando ao lugar das medoñas, comezou a escoitar, primeiro, moi suavemente, o tintinar coma dunha campaiña e, logo, segundo se entraba máis no lugar, como ían en aumento tanto en intensidade como en número. O noso home non as levaba todas con el e xa matinaba nos encantos das medoñas que lle podían saír en calquera intre ou en toparse de fociños coa procesión da Santa Compañía; polo que agarrou con forza a vara que levaba canda el, por se era preciso facer o círculo coa cruz no chan e meterse dentro para protexerse ou por se lle saía algún encanto que lle quixera facer mal.

O son cada vez era maior en número e en intensidade e tiña a sensación de estar arrodado, ata que de súpeto, sentiu que pisara algo mol e, coidando se sería un rabo dalgún animal, acendeu un misto para ver o que era realmente. A sorpresa foi moita,

quedou estrañado, non era un rabo era un sapo, e cando alumou ao seu carón había milleiros deles todo arredor, eran sapos cantareiros que emitían aquel tintinar ou son como de campaiñas para chamar ás femias e poder aparearse, precisamente nas noites do mes de San Xoán.

Xa máis tranquilo e procurando non pisar ningún sapo máis, proseguiu o seu camiño na procura do médico para a súa dona.

O misterio do encanto do Monte Marraxón quedara resolto, eran os sapos cantareiros.





O ENCANTO DAS MEDOÑAS DA FONTE DAS BOLIQUEIRAS



Na fraga das Boliqueiras, concretamente nas medoñas, contaban que había un encanto que vagaba pola carballeira que hai ao pé da fonte. A xente que ía alí a por auga, dicía que sen ver mover ningunha pola, nin haber vento, oíase un repetido ruído como se as estiveran rompendo. Este ruído estrañaba á xente que alí ía e dicía que era o encanto que había nas medoñas e percorría a fraga dun lado ao outro.

A lenda narrada puido ser así:

Un día subín á fonte das Boliqueiras na procura de auga para darlle ao meu avó, pois ultimamente parecía que perdía forzas dun día para outro. A subida á Mourela fíxome algo longa, mais despois xa foi máis doado o camiño.

Cando cheguei á fonte, esta estaba un pouco chea de folla que tiven que limpar. Nestes traballos estaba cando sentín coma un estalo de pólas das árbores. Mirei e non vin nada, e seguí limpando a fonte de follas. Ao instante outra vez o estalo, e outro, e outro...

Por máis que miraba, tratando de fixar a vista onde pensaba eu que se producían os sons, non podía ver nada. Vento non facía, polo que as pólas das árbores estaban quedas. Animais non se vían, polo que as súas pisadas non podían ser. Comecei a ter unha sensación de medo dentro de min. Rematei de limpar o suficiente para poder coller a auga, enchín a botella e marchei para a casa.

Cando cheguei, conteillo o acontecido ao meu avó e este, co aquel sorriso na súa faciana que non perdera cos anos, díxome:

– Era o encanto da Fonte das Boliqueiras que mora nas medoñas e recorre a fraga dunha banda a outra.

Quedei abraiado e pensando que, posiblemente, non volvería a ir só a buscar auga á fonte.





OS TRASNOS DO RÍO

EUME



En certa ocasión, un home de moitos oficios e mestre de ningún, facía de arrieiro traendo e levando mercadorías e xéneros de Vares a Parga e de Parga a Vares, loxicamente pasando polas Pontes e cruzando o noso río Eume, seguindo o ancestral Camiño dos Arrieiros, que coma xa se sabe era un camiño que viña de empregarse dende a nosa Prehistoria polos nosos devanceiros.

Pois nunha destas viaxes que o home viña de Vares, aconteceu que fixo noite nas Pontes, concretamente na casa da súa nai, onde lle deixou algún xénero que lle mercara no Barqueiro pois xa había algún tempo que non lle agasallaba nada e ela sempre estaba pendente del:

– Antón, como tes a roupa? Hai que remendar algún calzón? Tes roupa de abrigo? Antón, pasas fame?...

Ben, xa sabedes como son as nais!

Pola mañá cedo, cando se ergueu, a nai xa muxira as vacas e o leite estaba a quentarse no lume para o almorzo. Mentres, cargou as bestas e preparou todo o que tiña que levar. Despois, foi almorzar coa súa nai. Xa na cociña, ela advertiulle de que andara con moito tino cando cruzase o río polo Porto dos Bois, xa que pola ponte non se podía pasar, que andaban reparando nela e había que vadear o río polos pasais referidos. O do tino díxollo por mor dos trasnos xa que dicían que intentaban tirar á xente á auga para mercarlles a alma ou afogalos se non lla vendían.

Como el por alí pasara xa en moitas ocasións e nunca lle acontecera nada, cavilou que eran andrómenas de vellos. Rematou de almorzar e despediuse da familia e partiu cara á Mourela, onde tiña a seguinte parada, sen darlle máis importancia ao tema.

Cruzou a Vila e dirixiuse cara o Porto dos Bois coas súas bestas e a carga. Cando chegou ao río fixo o de sempre, asegurou ben as cinchas e cordas, e comprobou que

a mercadoría estivera elevada para que non se mollara no río. Logo, collendo a corda na man e agarrándoa ben, comezou a pasar a pé por riba dos pasais e a tirar polas bestas. A auga, nesta banda non era moita, mais do medio para alá si había máis e tamén se vía que a corrente era máis forte. Cando xa levaba recorridos dous terzos dos pasais, saíron do río dous trasnos, un agarrou a corda das bestas e trataba de quitarlla, o outro, tiraba del pola perna para facelo perder o equilibrio.

Entre o susto e a forza dos dous trasnos, ceibou a corda das bestas e caeu ao río. O trasno, que tiraba pola súa perna, intentaba arrastralo cara onde a corrente era máis forte. El, loitaba por manter a cabeza fóra da auga, mais o trasno, coas súas artes; arrastrouno ao fondo. Dábase por afogado, cando de súpeto, tirou por el cara arriba e cando a súa boca puido volver a coller aire díxolle:

– Véndeme a túa alma se non queres afogar!

Por un intre non soubo moi ben que facer, logo, e como se unha luz dende o máis aló o iluminase, colleu forzas e xirou de súpeto ao mesmo tempo que empurraba ao trasno cara a corrente do río.

Pillouno desprevido, a corrente era tan forte que o arrastrou o transo uns metros antes de que puidese reaccionar. Aproveitou para dar unhas brazadas na dirección oposta para poder facer pé e saír da auga.


Saíu do río, fíxose cargo das bestas, montou nunha e cruzou o Eume cara á Mourela.

O susto foi grande, estivera a piques de perder a súa vida ou a súa alma.

Cando chegou á Mourela, parou na casa da súa tía para deixarlle uns encargos que lle fixera e como aínda ía empapado e tremendo do susto, o primeiro que fixo foi preguntarlle que sucedera. Relatoullo, e ela contoulle que había uns días que lle sucedera o mesmo a un veciño que foi levar unha vaca ao boi e que este, co medo de afogar, vendeulles a alma. Agora andaba coma unha ánima en pena pois non era dono da súa persoa.

Mudou a roupa e proseguiu o seu camiño cara Momán e Parga. Dende entón fíxolle máis caso aos contos dos vellos.





A VIRXE DE PENA DE FRANCIA



En certa ocasión en París-Francia, aconteceu que a Virxe María aparecéuselle a un estudante francés, chamado Simón Rolán, e impulsouno a saír na procura dunha imaxe perdida súa e agochada en terras de Occidente, nunha cova dun lugar chamado Pena de Francia, onde, unha vez atopada a imaxe, tería que construír unha igrexa.

O mozo, despois do episodio da aparición, decidiu vir en peregrinación a Santiago de Compostela e, ao regresar, desviouse por terras de Salamanca, onde soubo que nunha serra da zona había un lugar co nome de Pena de Francia. Coa axuda dos habitantes do lugar, aos que previamente lles contara a aparición que tivera da Virxe e o que Ela lle dixera, rastrexaron a zona e atoparon a cova e, dentro, a imaxe.


O rapaz consagrouse ao coidado de dita imaxe e, tal e como lle encomendara a Virxe, construíu unha igrexa na cima do lugar do achado, e na que posteriormente, acontecerían sanacións milagrosas.

Así, desta historia lendaria, naceu a advocación da Ermida de Pena de Francia, no Freixo; xa que os seus fundadores, no s. XVII, cos condes de Montenegro, eran coñecedores e devotos deste lugar en Salamanca polos seus viaxes por fóra de Galicia e que quixeron ter un lugar coa mesma devoción próximo a eles.





A SANTA DO CARBALLO



Eontan os nosos maiores, que hai máis de catro séculos, no lugar chamado Costa do Carballal, concretamente nunha fonte que alí hai, toda ela rodeada de carballos, e que hoxe leva o nome de fonte da Virxe. Pois neste lugar a xente comezou a ver como a Virxe se aparecía nun dos carballos que alí hai.

A xente do lugar e dos lugares próximos e de As Pontes, acudía con devoción e humildade a rezarlle á Virxe e pedirlle toda clase de intervencións divinas, asemade, bebían auga da fonte, da Fonte da Santa, para curar os seus males.

Entón decidiron erguer unha ermida en dito lugar, a carón do Rego da Casilla e que dedicaron á Virxe da Ascensión. Aínda que por todos é coñecida popularmente como A Santa do Carballo e mesmo o lugar leva o seu nome.





A CRUZ DAS CABEZAS

Esta lenda, mesturada coa historia, dinos que este nome provén da época Carlista, na década de 1830 a 1840 e na que dous bandoleiros ou guerrilleiros carlistas foron decapitados en dito lugar, xunto ao camiño de Rábade a Ferrol.

A Historia dinos que ao morrer o rei absolutista Fernando VII en 1833, disputaron a sucesión Carlos V de Portugal, irmán do rei, e Isabel, filla do rei defunto. Os seguidores de Carlos eran da liña absolutista, isto é, conservadora. Os seguidores de Isabel eran liberais. O humilde pobo galego, en xeral, era indiferente, máis ben inclinábase polo movemento político de Isabel, é dicir, o liberal. A Carlos, preferíanos os nobres, os fidalgos, a xente de carreira e os comerciantes. Os carlistas remataron acurrados polas tropas do Xeneral Espartero e, a pesares da forte resistencia que fixeron capitaneados polo Xeneral Míguez Gómez, e acabaron fuxindo a León.

Entón quedaron guerrilleiros e bandas paralelas que baixo a aparencia de carlistas eran, en realidade, gavelas de ladróns; aos que denominaban “latrofaciosos”. En As Pontes eran coñecidos polos “fouciosos”, segundo a tradución popular que recordaban os maiores. O noso pobo foi liberal co influxo das propagandas da tertulia de Juana de Vega, da Coruña, e do Capitán de Ferrol, Enrique de Borbón, parente e pretendente de Isabel II, aparte dos mal recordos que tiñan do absolutismo e das atropelos carlistas.

Pois volvendo a lenda e ao nome de dito lugar, cóntase que neste mesmo monte colleron prisioneiros a dous destes “latrofaciosos” ou carlistas, que viñan de cometer os seus atropelos pola zona e alí mesmo foron axusticiados e lles cortaron as cabezas, colgándoas nos brazos dunha cruz que había no lugar, para que servira de escarmento aos que formaban parte destas bandas a fin de que non entraran na vila de As Pontes.

E de aí vén o nome de Cruz das Cabezas.





O PORCO BRAVO DA TOCA



No monte da Casilla, na Toca, podíase ver por cantos pasaban pola estrada As Pontes-Ferrol, a figura dun cocho bravo de pedra. Estaba composto polo encabalgamento de dúas pezas pétreas, a de arriba máis pequena ca inferior e mirando cara o nacente. A figura, para quen a ollaba e tal que semellaba un xabaryl en pedra. Co tempo e coa construción da autovía Ferrol-Vilalba, trocouse de lugar e baixouse ao nivel da estrada vella, pois o monte onde estaba desfíxose por mor de dita autovía. E aínda hoxe pode verse, mais xa non é o mesmo, xa que lle falta a perspectiva de ollala dende abaixo cara arriba.

A lenda dicía que este xabaryl fora feito polos nosos devanceiros e que o dotaran dun poder divino que estaba por riba do poder das meigas e dos malos espíritos. Deste xeito, esta figura protexía aos moradores da Veiga de Narahío e demais arredores, pois, ca súa poderosa presenza, detiña a cantos poderes inimigos viñeran polo seu fronte, quedando así a salvo os que vivían polas súas costas.





AS CEN DONCELAS

Esta lenda é unha lenda histórica que ten a súa orixe nun feito do noso pasado, polo que feitos reais e imaxinarios están mesturados.

Alá polo ano 783, León Mauregato (fillo bastardo do rei D. Afonso I e dunha mouroa escrava súa) toma o trono asturiano coa axuda de Abderramán I, con quen se compromete ao pago do tributo anual das cen doncelas (virxes) pola súa colaboración. Destas cen doncelas, cincuenta serían de orixe nobre e cincuenta de orixe humilde. No ano 788 os condes Arias e Oveco rebeláronse contra o rei León Mauregato e o mataron como vinganza de ter outorgado aos mouros tal tributo. O rei Bermudo I, o Diácono, seu sucesor quixo rematar co tributo, substituíndoo polo pago en cartos. A Bermudo I sucédeo Afonso II o Casto (791-842), quen rexeita tamén o tributo en cartos e entra en batalla cos mouros para evitar o seu pago, vencéndoo na batalla de Lutos e matando ao capitán mouro Mugait, co que logra o seu propósito.

Máis tarde, Abderramán II, en tempos do rei Ramiro I de Asturias, atreveuse a pedir, unha vez máis, o tributo das cen doncelas. Abderramán será vencido na batalla de “Clavijo”, na que interveu, milagrosamente, o Apóstolo Santiago, e supuxo a anulación total de dito tributo.

Pois dinos D. Enrique que o nome de Somozas está relacionado con esta lenda do tributo das cen doncelas, dicindo que neste val das Somozas era un dos lugares onde lle eran entregadas as doncelas aos mouros. O nome de Somozas viría de Só mozas (alto mozas).

A lenda vén dicindo que nesta época os cristiáns tiñan que entregar aos mouros un tributo de cen doncelas, das que 50 serían de orixe nobre e 50 de orixe humilde. Moitas mulleres eran apresadas e trasladadas ás Somozas, alí farían o alto e xuntaríanse na Casa Grande das Enchousas (enchousar = cerrar), e de alí partirían aos haréns árabes do sur da Península e a África. Os familiares subían entón ao monte Marbán, (polo mar van), este pico, de 316 metros, era dende onde os habitantes e

familiares vían marchar nos barcos veleiros ás doncelas prisioneiras que partían da praia das Nenas, na ría de Betanzos.

Un nobre francés, chamado Sumaças ao que os reis de España lle concederan estes territorios, segundo outra versión da lenda, di que foi el o que liberou estas terras de pagar o tributo das cen doncelas. Entón o nome das Somozas viría de Sumaças, nobre francés.

O lema da familia é:

“O Somoza (Sumaças) coa maza
cos mouros embelena.

Moitos deles despedaza
as doncelas desempeña”

E o antigo escudo das Somozas tiña representado o monte Marbán, a Casa Grande das Enchousas, un barco e ao Apóstolo Santiago a cabalo.





O HOME DAS FRAGAS DA RIBEIRA



lenda ten lugar nas fragas mestas e frondosas que había no que hoxe é o pantano da Ribeira e das que quedan asomos por Vilarbó e o Lostegal. Leva por título o “Home das fragas da Ribeira”.

“Neste lugar vivía un home chamado Xosé. Era un home humilde, feliz e contento coa súa vida. Moi fachendoso de vivir nun lugar privilexiado, pois el amaba a Natureza, coidaba dos animais, das plantas, dos ríos e dos regatos... de todo o que tivese vida e tamén do que non a tiña, pois coidaba ata dos camiños. Vivía só dende que lle morreran os pais. A súa casa estaba afastada das outras do lugar. Este illamento facía de Xosé un home moi especial para os outros veciños, pois case non tiñan relación con el e o vían poucas veces. Mais o tiñan por un home bo, que non facía dano a ninguén; que aparecía caladamente cando se precisaba a súa axuda e, do mesmo xeito, desaparecía.

Unha característica del era que, case sempre, levaba unha fouce ao lombo, pois os camiños tupíanse con certa frecuencia, porque a fraga era moi mesta e había que abrilos. E el tiña unha certa habilidade coa fouce para esta labor.

Chegou o tempo do Nadal. Os veciños tiñan por costume baixar á misa os domingos e, nunha ocasión, ao saír da misa, faláronlle ao señor cura da existencia do Xosé. O crego que presumía ben de coñecer a todos os veciños, incluídos os das aldeas, chamoulle moito a atención que non coñecera a existencia deste home e encomendoulles a encarga de dicirlle que para o día 25 viñera á misa de Nadal, que primeiro quería confesalo e, logo, falar con el; pois entendía que unha criatura do Noso Señor non podía vivir coma un animal salvaxe, illado da xente e sen recibir a doutrina.

Os veciños volveron as súas casas e, de alí a uns días, viron ao Xosé e déronlle o aviso do señor abade. Chegou o 25 e o Xosé baixou á Vila e acudiu á misa. Era un día especial, soleado para a época do ano. Cando chegou á igrexa, aínda non era a


hora da cerimonia, entrou a falar co cura que estaba prendendo nos cirios. Antes de achegarse xunta del, decatouse de que por unha das fiestras laterais da igrexa, entraba un feixe de luz do Sol. Colleu a fouce que sempre levaba ao lombo e pendurouna no feixe de luz. A fouce quedou sostida nel sen caer ao chan, suspendida no ar. O crego, ao ver aquilo, abraiado díxolle: – Xa podes irte Xosé, xa sei que a túa alma está na gracia de Deus! E o Xosé pillou a fouce que penduraba do raio de luz, despediuse do crego e volveu cara as súas fragas, seguindo coa súa humilde vida en equilibrio coa Natureza.”

(Esta lenda recollina de D. Salustiano Ameneiro, de Pontoibo, ao que lle dou as grazas por ser memoria viva da nosa historia pontesa).






A MOURA QUE PEITEABA OS SEUS CABELOS CUN PEITE DE OURO NA FONTE DA FORXA



Eontaba miña avoa materna, Dolores, que na fonte que hai na Forxa, que case non secaba en todo o ano, e á que ían moitas veces coas vacas a darlles de beber, que no mes de San Xoán e, concretamente, na mañanciña do día de San Xoán, neste lugar, saía unha moura que estaba encantada dentro da fonte e, sentada ao seu carón, peiteaba os seus dourados cabelos cun peite de ouro. A moura era fermosa e os moitos anos que levaba alí encantada non se reflexaban na súa face.

Contábame, tamén, que se te achegabas a ela, poñíache unha encomenda e se eras quen de facela, regalábache o peite de ouro. Mais se non podías, ficabas enfeitizado con ela para sempre, polo que ninguén se achegaba a ela nin ía á fonte nesa mañá do día de San Xoán. E se a vían, era de lonxe, e ollaban como peiteaba os seus cabelos dourados co peite de ouro, mais sen achegarse.





A TRABE DE OURO E A TRABE DE ALCATRÁN NO LUGAR DA CASILLA NO PARAÑO



Contábame José María, meu avó paterno, que no lugar da Casilla, preto do Paraño había enterradas, dende os tempos dos mouros, dúas trabes; unha de alcatrán e outra de ouro e que cando se abrise por este lugar unha estrada habían de aparecer. Se se atopaba primeiro a de ouro, non pasaría nada e o que a atopase faríase rico; mais se a que aparecía primeiro era a de alcatrán, cando aparecera a de ouro, esta derramaríase, desaparecendo.





A DONA ENCANTADA NO FOSO DO REGO DO COCIDO NO PARAÑO



No lugar do Paraño, había unha vez un home que tiña unha filla en idade de merecer. En certa ocasión presentouse polo lugar un rapaz que viña de aprendiz e acompañante dun ferrador que viña pola zona a ferrar os cabalos e as vacas.

Cando ao ferrador lle tocou ferrar na casa do home do que falabamos ao principio, coñecéronse os mozos, pois a rapaza termaba dun pequeno poldro que lle regalara o seu padriño había uns meses polo seu santo. Non se fixeron agardar as olladas disimuladas e sorrisos compracentes entre ámbolos dous, pois algo nacera no seus interiores que facía sentir esa atracción de un polo outro.

Como o ferrador aínda ía estar uns días polo lugar, eles amañaron para poderse ver e falar a soas, xurdindo un intenso amor de xuventude que os levaba a non poder estar un sen o outro.

O lugar do Paraño non era moi grande, e os avisos dos amoríos da súa filla logo chegaron ao pai. O home, que non quería que a súa filla saíra con ninguén, anoxado, falou con ela e díxolle que deixara de ver ao rapaz. Mais o amor que xurdira entre eles era novo pero forte e seguiron véndose a rapaza e o aprendiz do ferrador sempre que podían.

Entón, o pai da rapaza, alporizado e moi egoísta, nun arrebatado de ira, colleu á súa filla e levouna a unha cova que hai no coñecido como “foso do rego do Cocido” e, coa axuda dun mouro, alí a encantou para que non puidera saír de alí, e impedindo deste xeito calquera noivado.

Dende entón, contan no Paraño, que polo San Xoán, unha moza de cabelos de ouro peitéase neste lugar do “foso do rego do Cocido”, agardando que alguén a desencante e podendo así volver a carón do seu amado, o aprendiz do ferrador.





O CABALO NEGRO DAS FRAGAS DO EUME



Hai tempo, eu facía o carbón vexetal xunto con outros tres homes máis e un rapaz nas fragas do Eume, que como xa sabedes é un territorio comprendido entre As Pontes, Capela, Monfero, Cabanas e Pontedeume. E aconteceunos que unha tardiña, que andabamos a recoller a leña para facer as foias do carbón, escoitamos un ruído moi grande que viña monte abaixo. Entre que a luz do día ía a menos e que acontecía un chisco apartado de onde estabamos, o único que puidemos ver era movemento e caída de toxos, xestas, felgos, árbores, e xestas provocado por algo mouro que viña baixando cara o río. Logo o ruído da auga, coma se algo grande entrara nela e máis nada. Fomos correndo cara o lugar e o único que puidemos ver foi o rastro deixado polo que veu monte abaixo, mato e árbores deitadas. Nós coidamos que puido ser unha rocha desprendida dende o alto e que veu rolando monte abaixo ata chegar ao río, e fómonos para a casa.

Á mañá seguinte volvemos ao lugar para velo con máis luz e, para asombro noso, do camiño feito polo que veu monte abaixo, nin rastro, desaparecera. Mato, árbores estaban coma se non houbera pasado nada por riba delas. Estrañounos, mais seguimos co noso traballo e poucos comentarios fixemos ao respecto.

Ao mediodía acabóusenos o viño e mandamos ao rapaz á Capela, para tomar á merenda.

Cando chegou co viño, contou que falando co taberneiro do acontecido a tardiña anterior na fraga, este contoulle que se dicía que nas Fragas do Eume había un cabalo negro que baixaba polas ladeiras ata chegar ao río e que arrasaba todo o que pillaba por diante e, se tiña a sorte de coller unha persoa no seu descenso o arrastraba con el ao fondo do río para nunca máis volver saír de alí. Pois dicíase que era un trasno, que era o demo ceibo da Fraga do Eume. Tamén que todo o monte que arrasaba, á mañá seguinte, estaba coma se nada houbera pasado.

Algo de medo pillamos todos, aínda que para facernos máis homes diante do rapaz, ríramos del.

Ao seguinte día, cando chegamos á fraga, pola mañá cedo, como xa rematáramos de facer a foia o día anterior, prendémoslle lume e puxémonos a controlala. De súpeto, volvemos ao escoitar o ruído no alto da ladeira, esta vez moito máis preto. O estrondo era grande, todos corremos a protexernos detrás da foia que xa ardía. Primeiro pensamos que era un oso, pois era algo grande que se movía entre a vexetación. Deitaba e arrasaba con todo o que había no seu camiño. Mais de súpeto a vexetación volvía a medrar e o camiño deixado polo seu paso desaparecía. Cando o tíñamos máis preto, puidemos decatarnos de que era un cabalo grande, negro coma a noite e cun só corno no medio da súa testa. O lume e o fume da foia fixo que se afastase un chisco de nós e seguiu galopando cara ó río ata que se perdeu nas súas augas.

Nesta ocasión non puido levar con el a ningún de nós.





O GAITEIRO E OS LOBOS DA FRAGA DO EUME



Eontan dun home que ademais de ser labrego era gaiteiro e ía sempre tocar a todas as foliadas que o chamaban, pois os cartos non sobran e se podía facer algúns coa gaita, era máis doado que facelos co arado. En certa ocasión o chamaron para tocar nunha casa onde eran algo parentes. Fora ben cedo, pois xa había troula pola mañá e, logo, ata ben entrada a tardiña foliada na casa antes aludida. Peza por acó, baile por acolá, grollo de viño e algún que outro doce... e a noite sorprendeuno de volta para a casa. O camiño era algo empinado, pois ía a carón do río Eume e, ás veces, baixaba de súpeto. Decidiu coller un atallo para chegar antes e así o fixo. Mais o atallo, pouco transitado, estaba cheo de vexetación, toxos, xestas, felgos... e pouco campo de visión tiña máis aló de dúas alancadas. A noite íase deixando caer, cada vez con máis negrura. E de súpeto, comezouse a escoitar os ouveos dos lobos. Apurou o paso, mais os ouveos cada vez escoitábanse máis preto. Comezou a tropezar nas pedras e a engancharse nas silvas, o medo e a inquietude comezaron a apoderarse del.

Nun intre veuse rodeado por varios exemplares, fracos, famentos e mouros coma a noite; só os ollos albiscábanse na escuridade. Sen pensalo, subiuse a un vello carballo que tiña ao seu carón. Cando estivo ben arriba, decatouse de que non sabía moi ben como o fixera, pois el era negado para empoleirarse nas árbores, pero o medo facía esas cousas. Coa gaita ao lombo, agarrouse ben e ficou ben os pés para non esvarar. A gaita podía servir como defensa se intentaban subir polo árbore. Logo, un chisco máis seguro ao ver cos lobos non subían, coidou que podía tocala, pois se cadra, alguén o podía escoitar e podía vir na súa axuda.

Ao comezo os dedos tremían co frío da noite e o medo do corpo, logo de soprar neles, comezou a soprar e encher o fol; pouco a pouco a melodía foi saíndo do instrumento. O curioso foi que os lobos, ao escoitar a muiñeira que o gaiteiro tocaba, deixaron de ouvear e calmaron a carón do vello carballo. Despois, de tocar tres ou

catro pezas máis, os lobos comezaron a marchar silandeiros e perdéronse na mesta vexetación das Fragas do Eume. O home pasou a noite tocando por se volvían e, xa de mañá, colleu o camiño da casa, sempre ollando cara atrás por se volvía algún lobo e coa gaita disposta para soar.

Toda a Fraga do Eume resplandecía de ledicia pola mañá, despois de ter escoitado ao gaiteiro tocar toda a noite. Ata os paxaros parecían máis ledos, as flores tiñan mellor cor e as augas do río baixaban cantareiras cara o mar.



LENDAS POLO CAMIÑO DOS ARRIEIROS

O home, no seu percorrer polo territorio galego, foi abrindo e facendo camiños, camiños curtos e camiños máis longos. Polo noso concello pasaba un deles dende tempos inmemoriais que nos comunicaba co coído de Vares e que, tamén moi probablemente, continuase dende a nosa Vila e pola Mourela, cara o interior. Este camiño ancestral é o chamado Camiño dos Arrieiros, aínda que tamén se coñece con outros nomes: Camiño Vello, Camiño Real ou Camiño das Antiguas. O Camiño vai polo alto da Serra da Faladora e pasa polos concellos de As Pontes, Mañón e Ortigueira. Está inzado de monumentos megalíticos, medoñas, chantos ou pedrafitas..., e como non... tamén de lendas contadas a carón das lareiras nas noites frías e chuviosas do inverno. Imos ver algunhas.



A GALIÑA COS PITOS DE OURO. O ENCANTO DO CAXADO

No noso concello contamos co cumio máis elevado da provincia coruñesa, refírome ao Monte Caxado, que cunha altura de 765 metros, domina toda a contorna como un vixía que olla todo o que acontece ao seu redor. Lugar máxico, moi propio de lendas e encantos que eran levadas e traídas polo camiño prehistórico que pasaba ao seu carón e que ía de Vares ata As Pontes e máis aló, refírome ao Camiño dos Arrieiros, das Antiguas ou Camiño Vello.

Pois outra lenda máis que temos deste lugar é a do encanto da “Galiña cos pitos de ouro” que imos relatar deseguido.


Contan que unha das moitas penas que hai no Monte Caxado garda unha moza enfeitizada. A historia desta rapaza é unha historia de desgraza, pois ela, filla dun rei mouro, polo tanto princesa, era unha rapaza moi fermosa, tanto coma unha mañá de primavera, a máis belida da contorna e por riba, lista e culta, pois amaba da música, da poesía e de todo tipo lectura clásica. O rei tiña máis fillas, mais ela era a súa preferida e pensaba en casala ben cun príncipe mouro moi poderoso e así facer o seu reino máis grande e forte. Pero como os camiños do destino van cruzándose e enguedellándose ao seu antollo, a princesa foi namorar perdidamente dun mozo do reino, un mozo humilde, mais fermoso, honesto e bo coma ela, co que falaba todas as tardes cando daba o paseo polos xardíns do palacio. Era un amor limpo de xuventude, mais un amor sen moito futuro, pois a mestura da realeza co pobo non estaba moi ben visto. O rei cando se decatou das intencións da súa filla preferida, primeiro falou e rifou con ela; logo, cando veu que non conseguía o seu propósito, enfadouse primeiro e, despois, pensou como impedir aquel amor.

Ante a insistente idea da filla de casar co mozo e cheo de carraxe e moi irado, chamou ao bruxo da corte e fixo un feitizo de feito que a súa filla quedou encantada para sempre e truncado o seu amor.

O encanto era ficar dentro dunha das penas que hai no Monte Caxado, podendo saír dela só unha vez ao ano, concretamente o podía facer a noitiña de San Xoán, e transformada nunha galiña con pitos de ouro que percorrería a ladeira do monte ata a mañanciña que regresaría á pena cos seus pitíños de ouro.

Contan que se podía ver nesta noite se se ía moi silandeiro para que ela saíra, pois do contrario non se vería. Tamén que dito feitizo non podía desfacerse de ningún xeito.





AMOZA ENCANTADA DO MONTE CAXADO



(Recollida tal e como ma pasaron, incluída a introdución que ten ao comezo).



s Pontes é unha vila da provincia da Coruña. Hoxe en día é case unha cidade, con forte industria mineira e de enerxía eléctrica. Na súa bisbarra tamén progresa a agricultura. Nesta vila celébranse dúas importantes feiras cada mes. Unha delas ten que ser o día un e, outra, o día quince. Non lembran os vivos cando comezaron as ditas feiras. Xentes de moitos pobos facían xuntanza nas Pontes o primeiro e mailo quince de cada mes para mercar, vender, parolar, xantar... E nunca faltaban á feira persoas que estaban encantadas nas penas, nas fontes, nas lagoas... Milleiros de encantos estaban espallados por toda Galicia. E ninguén sabe como desapareceron ou para onde emigraron. Pero o certo é que non teño noticia de que ás feiras do século XX acudan persoas que a diario fan a súa vida baixo a figura de animais salvaxes ou domésticos, nos ocos dunha pena ou nos fondos dunha lagoa e que nos días das feiras e das festas se mesturan con toda a xente amosando unha xentil figura humana.

Por todo isto quero facer público algo que aconteceu a comezos do século XIX e que en secreto me contou, hai tempo, un bo amigo de toda confianza. Trátase de que un rapaz, bo mozo el, de nome Xaquín, veciño da parroquia de Piñeiro, próxima ás Pontes, acudiu á vila como era o seu costume cando había feira. De súpeto, na praza que chamaban das mulleres, atopouse cunha moza de beleza nunca vista que mercaba queixos, mel e outras viandas. Reposto do pasmo que tanta fermosura lle producira, empezou unha conversa con aquela rapaza descoñecida e fascinante. Ela fixo caso ás verbas do mozo, chegando a dicir que era moita a ledicia que sentía cando falaba cun galán tan arrebatador. Parolaron e parolaron dúas, tres, catro ou máis horas e canto máis falaban máis necesidade tiñan de seguir falando.

Pero a feira remataba e os feirantes camiñaban cara ás súas casas, ben de un en un, ben en fatos de dous, tres ou máis persoas. Chegada esta hora, a rapaza descoñecida tiña que deixar a vila, ¡xa! para chegar con día ao seu fogar e así llo dixo ao mozo acompañante. Quixo o de Piñeiro acompañar polo camiño á moza que había pouco coñecera; aceptou ela a condición de que daría a volta mesmo cando llo dixese. Xuntos botaron a andar polo camiño que das Pontes leva a Ortigueira e, ó chegaren ó curuto dun outeiro, viron un monte que chaman O Caxado. De repente, parouse a rapaza e con voz mudada díxolle ao mozo:

– Síntoo moito, pero non podes dar un paso máis comigo.

O de Piñeiro teimaba en seguir; pero ela con enerxía engadiu:

– Non te vou enganar. Estou encantada naquela pena -sinalando unha grande que hai no monte Caxado- e nunca seremos noivos nin casaremos.

Algo raro fixo un percorrido polo corpo daquel rapaz desconcertado. Ambos estiveron mudos un anaquiño de tempo. E cando recobrou a serenidade dixo:

– Eu faría o imposible por desencantarte. Quérote!

– Podes facelo; -respondeu a moza- pero non has ter valor.

– Desencantareite! Di axiña o que teño que facer!

– Véxote tan namorado que poño nas túas mans a última oportunidade que teño de ser persoa normal. Madrugarás, máis co sol, día de San Xoán. Achegaraste a esa pena que estamos vendo os dous, levando un croio na man dereita. Golpearás a pena tres veces seguidas, facendo un pequeno descanso entre golpe e golpe. Despois do terceiro golpe sairá da pena, por un oco que agora aínda non ten, unha serpe moi fea. Non teñas medo porque esa serpe son eu. Pasarás a túa man por riba do lombo da serpe tres veces e, faga o que faga, nunca dirás “Xesús!”. Se fas como che digo quedarei libre do encanto e casaremos; se cometes un erro, nunca ninguén me desencantará.

Prometeu o de Piñeiro ser valente e desencantar á rapaza. Despedíronse á espera do día de San Xoán. Chegou o día ansiado. Madrugou Xaquín e, moito antes de que saíra o sol, xa estaba á beira da pena encantada, levando un croio na man dereita segundo o acordado. Despois de ollar a pena e arredores deu un golpe encima do penedo; tomou folgos e segundo golpe; descansa un chisco e terceiro golpe. Pasan uns segundos de suspense e, de contado, comeza a ruxir por dentro do penedo; fende por algúns sitios e ábrese un oco diante dos ollos de Xaquín, polo que asoma unha serpe moi fea. Bótase fóra do cárcere lentamente, fitando constantemente ao

xa trememente Xaquín, que sente ilusión, preocupación e medo. Alongando o brazo, pousa a súa man sobre o lombo do animal que se enfurece, ondula o corpo e fai ameazas de atacar ao de Piñeiro. Enchéndose de valor, Xaquín percorre coa man o corpo sinuoso da serpe cada vez máis furiosa e ameazante. Por segunda vez a serpe bufa e bufa ao pasar a man polo lombo do animal. Comezado o terceiro e último percorrido, a serpe arquea o corpo en actitude tan fera amagando con saltarlle aos ollos. O rapaz non resiste máis e ceándose di:

– Xesús!

Coa velocidade do lóstrego desapareceu a serpe polo oco da pena que ó compás dunha morea de estalos tapou oco e fendeduras. Oíuse unha voz que dicía:

– Ai, desgraciadiña de min que aquí quedo para sempre!

Contan que o de Piñeiro púxose enfermo aquel día e tardou pouco en morrer.

(Recollida de D. Juan Ramil Barja, Vilalba, xuño 2006. A lenda pasouma un compañeiro, Pablo Ramil, que lla recolleu a seu pai, tamén mestre, que era natural de O Freixo, e xa faleceu hai uns anos).






O XUGO DE OURO DO MONTE CAXADO



No lugar da Uceira, no Monte Caxado, contaban os nosos maiores que neste monte moraban, noutro tempo, os mouros, seres míticos e posuidores de moitas riquezas e, que tras marchar destes lugares, deixaron eses tesouros e encantos agochados que algún día sairán á luz ou non, ficando moitos deles agochados para sempre.

Pois preto do Monte Caxado, na Uceira, cóntase que hai agochado un xugo de ouro do tempo dos mouros e din que un día sairá á luz. Mais isto só acontecerá cando as cabras focen na terra cos pés.





A SANTA COMPAÑA EN PROCESIÓN POLO FREIXO



Din que a Santa Compañá é unha procesión nocturna das ánimas en pena que andan por carreiros e corredoiras que van en xeito premonitorio na procura dun veciño que pronto ha morrer. Tamén din que se no seu camiño se cruza un mortal, este terá que acompañar ás ánimas portando a cruz e un facho ata que se poida liberar ou acabe morrendo de pena e de inquietude. Asemade, engaden que, de atoparse con ela, o único que nos pode librar de acompañala, é facer un círculo no chan cunha cruz dentro e meterse dentro do círculo, ou de estar preto dunha cruz ou cruceiro, abrazarnos a ela ou a el. Así, a Santa Compañá pasará, deste xeito, de largo e non poderá pillarnos para a súa procesión errante.

Pois cóntanos os maiores do Freixo que neste lugar e en certa ocasión un mozo que volvía da feira de As Pontes (daquela as feiras duraban todo o día), fíxoselle noite no camiño cara a súa casa que estaba neste lugar do Freixo. O home non cavilaba no mal nin nos lobos, pois era novo e afoutado, sen medo a nada.

Ía coa testa baixada, mirando para o chan pois había pedras soltas, pensando como lle fora na feira e as cousas que mercara e as que mercaría na feira seguinte. Cando ergueu a testa e veu que se lle aproximaban unhas luces en procesión e que xa as tiña moi próximas. Era a Santa Compañá, da que tiña oído falar moitas veces, ánimas en pena cos hábitos brancos, case transparentes e que portaban, cada unha delas, unha luz pálida na man.

O mozo non tivo tempo de reaccionar, cando se decatou, xa as ánimas estaban ao seu carón e veuse obrigado a incorporarse a aquela procesión portando unha cruz e un facho e que o levaba cara outro lugar que non era a súa casa. Por máis que el quería saírse daquela procesión, non podía. Intentaba variar o rumbo e os seus pés non lle obedecían e seguían o camiño da Santa Compañía, das ánimas en pena que ían na procura dunha nova vítima para levar para o seu mundo.


El era o portador da cruz, coidou que lle chegara a súa hora, pois escoitáralles moitas veces aos maiores que ao que collía a Santa Compañía, xa non podía saír dela e que estaba condenado a levar de por vida a cruz e o facho todas as noites ata morrer de angustia.

Mais na súa teima de non renderse, lembrou que no peto levaba algunha moedas que lle deran de volta nas compras que fixera na feira. Buscou unha en particular, que el lembraba de ver, unha de cobre que tiña unha cruz no seu reverso. Entón colleu a moeda entre os dedos e amosoulla a aquelas ánimas en pena, pola parte da cruz. De súpeto quedou liberado daquela procesión e puido continuar o seu camiño cara a súa casa.

O círculo e a cruz protexen da Santa Compañía, pensou, é certo.

E, mentres, a Santa Compañía seguiu o seu camiño polo Freixo, na procura dunha nova ánima que incorporar a súa procesión de defuntos e tamén un novo mortal para levar a cruz e o facho.





OS NENOS SEN BAUTIZAR NO CRUCEIRO DO FREIXO

Había un matrimonio na parroquia do Freixo e a muller estaba embarazada, cando deu a luz, morreulle o neno que agardaba. Como non estaba bautizado soterrárono, como era costume, ao pé do cruceiro, pois naqueles tempos os nenos que morrían sen bautizar non podían ser soterrados en sagrado, isto é, nos cemiterios.

Pasando o tempo, a muller volveu a quedar embarazada. O home tiña tanto medo de que volvесе outra vez a repetirse a situación e que morrera o neno sen podelo bautizar. Entón un día que estaba coa muller, falou con ela e acordaron bautizalo antes de nacer, para que non se dera a mesma situación anterior. Bautizouno de palabra e verteulle auga enriba da barriga da muller, coma se fose na testa do neno, e quedou bautizado prenatalmente.

Pasou o tempo, chegou o día do parto e o neno tamén naceu morto. A desgracia repetíase sobre o matrimonio unha vez máis. Como pola Igrexa non estaba bautizado, tamén o enterraron a carón do cruceiro, a pesares de contarlle ao cura o do bautizo prenatal. A Igrexa era firme sobre este aspecto, se non estaba bautizado oficialmente polo crego, non contaba como bautizado.

Pasou o tempo e cando o bo do marido ía para a súa casa, ao pasar por xunta do cruceiro, oía unha voz que lle dicía:

– Padre, padriño, quítame de aquí!

O home, ao principio, non o cría o que escoitaba, mais a situación repetíase cada vez que el pasaba polo pé do cruceiro. E o home como escoitara isto varias veces, decidiu ir xunta do cura e contarlle. Este díxolle:

– Cando volvas a escoitar a voz dille: – “Non son teu que son dos dous!”

O home volveu a pasar polo pé do cruceiro e volveu a escoitar a voz:


– “Padre, padriño, quítame de aquí”.

E o home contestoulle: –“ Non son teu que son dos dous!”.

E así aconteceu como lle dixera o crego e nunca máis volveu a oír as voces dicindo que o sacaran de alí.

(Recollida de D. Victor Ramil Barja, natural do Freixo).





O DEMO DO MUÍÑO DO CUBO. LENDA DO PULGÓN



(Esta lenda está recollida da Revista das Festas, do 2015, e contada por D. Victor Ramil Barja, natural do Freixo)

Eu son do Pulgón, parroquia do Freixo, lugar abeirado polos montes da serra Faladora. Son estes lugares agrestes onde de sempre os seus habitantes viviron, aínda viven, en directa unión coa natureza e coas crenzas que herdaron. Foi aquí, aló polo mil novecentos, por onde andou escapado da xustiza o bandido Toribio, aquel escapado que despois foi preso na reitoral do Freixo por un cura de Vilalba, a súa sobriña e cinco mozos; tres deles, meu pai un, do Pulgón.

As augas que baixan dos montes forman pequenos ríos e regatos. Un deles, o río de San Xoán, cando chove ten forza dabondo para facer andar a roda dun muíño que se empraza trescentos metros máis abaixo do Pulgón. É o muíño do Cubo, así chamado porque cando escaseaba a auga polo verán, había que xuntala nunha cubada, xa se sabe, un pozo no río, e así poder moer un pouco. As ruínas do edificio, testemuñas silenciosas de tratos e amoríos, aínda poden verse en pé polo lado do solpor. O lugar ten ese aire de misterio que se agocha entre unha fervenza que aparece na invernia e os carballos, bidueiros, salgueiros, castiñeiros,... que escoitan as augas.

Os que alí moían recordan que del saía moi boa fariña que logo daba moi bo pan e que ata o cura da parroquia acudía a moer nel para facer as hostias que logo consagraba nas misas.

Como todos os muíños ten as súas lendas. Unha delas é a que narraremos de seguido. Sucedeu que un día, xa preto da noite, nunha casa non había para facer as papas e mandaron dúas rapaciñas moer algo de millo. Elas, ao chegar ao muíño, escoitaron uns laios e viron un envoltorio ao pé da porta. Collérono e as dúas quedaron asombradas ao veren un meniño acabado de nacer que choraba morto de frío. Axiña decidiron facer lume para quentalo e axiña que a calor medraba o meniño ía calando. Cando parou de chorar... o neno escapóuselles das mans e saíu brincando entre risas mentres dicía:

– Chuscurrechús, as nenas case me quentan o cu!

Era un demo burlón que andaba facendo rabiarse á xente!





AS PENAS NO LUGAR DO PULGÓN



Nun lugar do Freixo, chamado O Pulgón, había tres casas. Nunha delas vivía un home que tiña un criado. Unha noite o bo do amo empezou a xuntar cartos que tiña nunha hucha, nunha pedra da parede, nunha trabe do faiado..., agochados nun lado e noutro, e xuntou moitos. Mandoulle ao criado que os metera todos nun pote grande que tiña, e cando estiveron todos dentro, díxolle:

– Oíches? Agora leva o pote alí ao curral, xunta unhas penas que hai arriba das casas. Lévaos para alí e leva tamén a corda dos bois.

Axiña que o criado tivo o pote e a corda no lugar indicado o amo pillou a corda e comezou a enrosca-la arredor do pote. Logo foi buscar un libro e comezou a ler; lía un pouco e, co cu, dáballle unhas cuadas ao pote dicíndolle:

– O que te ha de desenterrar, tres cuadas che ha de dar!

Volvíaa ler, paraba e repetía as cuadas e as mesmas verbas. Na segunda ocasión, o pote comezou a enterrarse na pena case ata o medio. Volveu a ler no misterioso libro, deu as cuadas e repetiu as verbas e, nesta terceira ocasión, o pote enterrouse de todo, desaparecendo por completo e quedando a pena como estaba. O criado, mentres, non perdía detalle e estaba mirando para ver o que facía o amo co libro. Pero o vello así que rematou, mandoulle facer un lume grande e ceibou o libro nel. Despois cearon e deitáronse.

Para o outro día, pola mañá, o criado ergueuse e atopou ao amo morto. Chamou aos familiares e veciños, falou-se co crego e dispúxose o enterro; mais o criado non podía sacar da súa testa o asunto do pote. Unha vez rematado o enterro, e cando familia e veciños xa non estaban, o criado foi cabo do cura e contoulle o acontecido cos cartos, o pote, a corda, a pena e o libro e, tamén, as verbas que dicía o amo:

– O que che ha desenterrar, tres cuadas cha ha de dar.

O cura cando acabou de escoitalo, díxolle:

– Oes? E ti atreveraste a desenterrar o vello?

– Si, atévome! Respondeu o criado.

– Ben, pois desentérrao e lévao ata as penas onde enterrou o pote.

O criado fixo o que lle mandou o crego e, deseguido chegou este cun libro e leu un pouco e, así que leu un pouco, díxolle:

– Dálle tres cuadas co vello na pena.

E o criado fíxoo así e deseguida escomenzou a abrirse a pena.

Seguiu lendo o crego e volveu a mandarlle dar outras tres cuadas e, nesta ocasión, xa case saíu o pote de todo.

E, a terceira vez, saíu o pote de todo; mais tras del saíu unha cobra siseando e moi fea. Entón o crego díxolle á cobra:

– Sisea, sisea, que da corda dos bois non te has de salvar!

Entón, ao dicirlle isto, quedou convertida na corda que era. Recolleron os cartos, repartíronos e, como non, o crego levou a maior parte e o criado volveu a enterrar ao amo.

(Recollida de D. Victor Ramil Barja)





O ERMITÁN DO SERRÓN DE SAN XOÁN



No serrón de San Xoán, no Freixo, había un ermitán (persoa que se dedicaba á oración e estaba alí pensando e meditando). E un día viu pasar a parella da Garda Civil que levaba un preso e dixo para si:
– Está ben o que as fai que as pague!

Tódolos días, dende que estaba no serrón, viña un anxo traerlle de comer, mais aquel día non veu e, entón, decatouse de que fixera mal, de que cometera un pecado. Ao seguinte día tampouco se presentou a anxo, nin ao terceiro. El seguía rezando e pedíndolle perdón a Deus, mais o anxo non se presentaba.

De alí a uns días, por fin veu o anxo e non lle traía comida, traíalle un pau de toxo. Deullo e díxolle que cando aquel pau botase tres xermolos verdes o pecado estaría perdoado.

E..., el. Que había facer? Pois botarse polo mundo pedindo esmola e así ía, levando o pau aquel e poñíao na cabeceira cando durmía, cando descansaba. E un día anoiteceulle e non atopaba casa cuberta para durmir, ata que viu ao lonxe unha luz e foi indo ao resplandor dela, ata que chegou a acadala. Era unha casiña e petou á porta. Había unha vella facendo a cea e el díxolle:

– Por favor, podería durmir esta noite aquí?

A vella respondeulle:

– Non pode ser, que teño tres fillos ladróns e van por aí a roubar. E se veñen e te atopan, mátante.

E el seguiu porfiándolle, dicíndolle que lle era igual, que xa estaba canso de vivir daquel xeito, que lle era o mesmo. E a vella, por fin, deixouno.

Ao pouco chegaron os fillos e, un deles, segundo entrou e o viu, agarrouno por un ombreiro e díxolle:

– Que fas aquí, vello?

E a súa nai contoulle o que pasara, que lle pedira por favor que o deixara pasar alí a noite e que lle dera moita magoa.

Os fillos da vella pedíronlle que lles contara a súa historia. El fíxoo, contándolles todo dende que vira ao preso que levaba a Garda Civil, e o comentario que fixera. Tamén o que o anxo lle trouxera no canto da comida e o que lle dixera.

Entón eles dixeron:

– Ben, e se a este home só por un pensamento lle fan facer esta penitencia tan grande, que será de nós?

E quedaron convencidos, decatáronse do mal que estaban facendo todos os días e, apesarados, foron durmir.

Ao outro día, cando espertaron, o pobre que pedía esmola estaba morto e o pau tiña tres xermolos verdes que era o símbolo dos tres ladróns que se arrepentiran e converteran.

(Recollida de D. Victor Ramil Barja)





AS PEGADAS DA MULA NA COSTA DA SANTA




Eontan os nosos maiores que no lugar da Rega, na parroquia do Freixo, hai un sitio chamado “A Costa da Santa”, e que está situado moi preto do Santuario de Pena de Francia. Pois di a lenda que cando a Virxe andaba polo mundo a cabalo dunha besta, veu parar a este lugar de Pena de Francia e, cando pasaba, pola costa antes nomeada a mula parouse enriba dunha pena e non quería andar. A Virxe insistía, mais a mula ficaba queda. Ata que a Virxe berrou:

– Ferra mula!

E a mula botou a andar, deixando as súas pegadas gravadas na pedra, como proba de que a Virxe pasara polo lugar.

Algunha versión no canto da Virxe, fala da Raíña que ía en peregrinación ao Santuario da Virxe de Francia.





O NOME DA SERRA DA FALADORA



Serra da Faladora por que leva este nome? Segundo a lenda recollida por Vicetto, cando en Galicia reinaban os Reis Suevos é de cando lle vén o nome a dita Serra.


Reinando en Galicia o rei suevo Regismundo xunto coa súa segunda esposa, Hidelfrida, tivo lugar un suceso que desencadearía o nome de Faladora.

Ao parecer Regismundo, que xa estivera casado anteriormente, tiña varios fillos do seu primeiro matrimonio. Na súa corte, coma en case todas, reinaban as intrigas e as calumnias. Hidelfrida foi acusada por un dos nobres próximos ao rei, de ser a instigadora da morte dun dos fillos do primeiro matrimonio do rei para favorecer aos seus e tamén, foi acusada, de ter varios amantes.

A Regismundo non lle sentou moi ben saber daquelas acusacións de mala esposa e pésima madrasta. Por moito que ela lle insistiu que aquelas acusacións non tiñan fundamento o Rei non lle fixo caso, xa que puido máis a chama de odio e vinganza prendida no seu interior polas acusacións que as verbas da súa dona e deixouna en mans dos irmáns do finado para que estes se vingaran como mellor coidaran. Foi levada por estes dende Lugo, onde estaba a residencia da corte, a unhas montañas remotas, onde foi enterrada viva, debaixo dunhas laxes.

E conta a lenda que o lugar era a Serra Faladora, onde aínda segue vivindo a desventurada raíña na súa morada debaixo das pedras, e cando un a chama, sexa a hora que sexa, contesta dende o interior das laxes cuns desconsolados xemidos. E de aí lle ven o nome de Faladora.





A ORIXE DO CRISTO DE MOURAZ



Eontaba meu bo amigo, xa finado, D. Narciso Luaces Pardo, na Revista das Festas do ano 2006, a lenda da orixe deste Cristo de Mouraz, e dicía así:

Aló polo primeiro milenio despois de Cristo existiu un mozo que vivira no lugar do Morao da parroquia de Mañón. Contábase que era guapo e bo tipo polo que tiña moita aceptación entre as rapazas daquela contorna.

Chegou a ter máis de media ducia de mozas as cales deixou filladas a todas.

Hai un dito moi antigo que di “Quen mal anda, mal acaba”; como lle aconteceu a este home que non tiña conciencia cando un día albiscara unha rapaza que estaba alindando o gando nunha camposa: foi para xunto dela para propoñerlle amorío, pero ela díxolle que se marchase que non quería trato algún con el. Visto que polas boas non podía facer nada, agarrouna polos brazos e deu en guindar por ela para unha bouza que había a carón, entón a rapaza berrou polo pai que collía na braña pola outra banda do balado. Este ao oíla berrar, acode para valerlle; cando chega, atópase con aquel desalmado arrastrándolle a filla para a bouza que co excitado que ía non se decata da presenza do pai da rapaza ata que lle cae unha lombeirada que o deixa tirado no chan e tras daquela outra ata que lle pide que non lle pegue máis, prometéndolle non molestarlle a filla nunca máis.

Aquel pai enfurecido parou de mallar nel, agarrouno polos colares e púxoo en pé, que apenas se tiña despois da malleira recibida, e díxolle: -Agora, póñeche por condición que tes que facer un cruceiro e tes que poñelo nun sitio que o vexas todos os días cando te ergas da cama e se sei que intentas violar algunha rapaza más heite de colgar vivo nel.


O rapaz, cando puido, colleu camiño da casa pensando onde había de poñer o cruceiro. Despois de darlle moitas voltas, decidiu poñelo nunha paraxe coñecida polos Xuncos de Mouraz, onde se cruza o camiño que dende Ponte Segade vai de Ortigueira co que parte de Bares e segue polo alto da Faladora ata As Pontes.

Nesta encrucillada xúntanse catro parroquias que son Devesos, Couzadoiro, Mañón e Grañas, onde os catro curas xogan a partida nunha mesa e cada un sentado na súa parroquia.


Agora o devandito cruceiro non existe, ben porque fose de pedra de mala calidade e a fose desfacendo a erosión, ou por un acto vandálico.

Está unha comisión intentando reconstruílo.





O CRISTO DE MOURAZ




No cumio da Serra Faladora está Mouraz (nome, moi posiblemente, derivado de mouro, xa que no lugar hai varias mámoas ou “casas” dos mouros), a carón dunha encrucillada de camiños vellos e míticos, coma o Camiño dos Arrieiros, chamado tamén Camiño Vello, Real ou das Antiguas e que ía dende As Pontes de G^a Rguez., a Estaca de Vares.

Para cristianizar o lugar, como se fixo con tantos outros da nosa Galicia onde había residuos de culto pagán, e como era un lugar de encrucillada, ergueuse un cruceiro cunha grande base e foi coñecido coma o Cristo de Mouraz.

Este Cristo foi colocado como marco ou punto divisorio entre catro parroquias da provincia da Coruña: Devesos e Couzadoiro, as dúas do concello de Ortigueira; e Grañas do Sor e Mañón, do concello de Mañón.

Pois a lenda dinos que neste punto parece ser que se xuntaban os curas respectivos das catro parroquias para merendar, botar a partida e falar dos temas que lle preocupaban a cada un na súa freguesía. Como mesa, empregaban a base de dito cruceiro e mentres xantaban, xogaban e falaban, cada crego mantiña os pés pousados no chan da súa parroquia, pois debaixo do pedestal da cruz cruzábanse as liñas divisorias parroquiais.





O ENCANTO NA SERRA DA FALADORA



Serra da Faladora está inzada de penas. Din os maiores do lugar, que lle tiñan escoitado aos seus avós, que nunha destas penas da Faladora había un mouro encantado e que polo día de San Xoán saía do interior da pena, amosando a súa xenerosidade a cantos con el atopaban.

En certa ocasión e coincidindo co día de San Xoán, un veciño do lugar pasou por preto da pena, xa que ía camiño de As Pontes, pois ía falar cun veciño desta vila para ver se lle podía poñer algún gando, pois tiña tan mala fortuna que lle morrían todos os animais que el criaba e os seus veciños xa non llo poñían.

Entón, saíu o mouro do interior da pena e díxolle:

– Non te asuste oh! Non teñas medo, non quero facerche mal algún. Son un mouro encantado que podo saír da pena unha vez no ano para concederlle un desexo a alguén co que me atope.

O veciño contoulle a razón da súa viaxe a As Pontes, pois os veciños do lugar, como sabían que lle morría todo o gando non llo querían poñer; entón visitaba As Pontes para ver se tiña máis sorte.

O mouro, logo de escoitalo, díxolle:

- Se me gardas o segredo, eu póñeche todo o gando que desexes, douche os cartos e mércalo para ti nas Pontes. Pero antes, pénsao detidamente xa que nunca poderás dicirle a ninguén que eu che din os cartos para mercar o gando. Se chegaras a facelo nalgún intre prexudicárame a min, desgráciame para sempre, pois quedarei condenado a estar dentro da pena para o resto dos tempos e nunca máis poderei volver a saír, nin o día de San Xoán.

O labrego deulle a súa palabra e o mouro deulle os cartos que el lle pediu para mercar o gando nas Pontes, e seguiu o seu camiño. Chegou a As Pontes e mercou vacas, mercou porcos, mercou galiñas e conexos.

Chegou de volta á casa, meteu o gando na corte e cortellos e non lle quixo contar a súa muller de onde sacara os cartos ou quen lle puxera o gando. E por moitas voltas que a muller lle deu, el non dixo quen lle deixara os cartos para facer semellante compra.

E mentres non dixo nada o gando deixoulle de morrer e a sorte volvéralle, xa que se criaban ben todos os exemplares e non enfermaban.

Mais a muller, chea de curiosidade, insistíalle e empregaba as armas de muller para seducir ao seu home e arrincarlle o segredo, prometendo que nunca llo contaría a ninguén. E o home, seguía resistíndose a contar o segredo.

A insistencia da muller foi tal que o home rendeuse e díxolle:

– Heicho dicir! Mais so a ti e non debes contarllo nunca a ninguén. Foi o mouro que hai encantado na pena da Faladora, deume os cartos, deume os cartos e aínda me daba máis de precisalos; mais eu só lle pedín os necesarios para o gando.

– Tranquilo -dixo a muller-. Pero para o vindeiro San Xoán poderíaslle pedir máis cartos para mercar máis cousas nas Pontes.

O home contestoulle:

– Muller, o gando críase ben, fame non pasamos, non vexo que teñamos necesidades polo que penso que non son necesarios máis cartos.


A muller seguía insistíndolle no tema, que no vindeiro San Xoán fora cabo del e lle pedira máis cartos.

O home canso de oíla e arrepentido de terllo contado pois agora non pararía na súa insistencia, decidiu ir darlle a cea ao gando e marchou para a corte.

Cando chegou alí quedou pampo. O gando non estaba. As vacas, os porcos, as galiñas, os conexos... todo desaparecera como por encanto!

Entón decatouse de que, ao contarllo á muller, rompera a súa promesa. Decatouse tamén de que condenara ao mouro a seguir enfeitizado dentro da pena para o resto da eternidade. E todo por non saber gardar o segredo.






O FORNO DOS MOUROS



Camiño dos Arrieiros está inzado de mámoas no seu trazado. A maioría están cubertas de terra e vexetación, mais hai unha, “O Forno dos Mouros” que ten as chantas ou laxes verticais descubertas e ten coma unha pequena entrada ou acceso ao seu interior.

Os nosos maiores contan que neste lugar, ao mesmo que en outros moitos lugares misteriosos da nosa Galicia, polo día de San Xoán, pódese ver saír de dentro do Forno unha galiña cos seus pitos de ouro e que, durante o día, andan polos arredores do Forno peiteando o que atopan e, á tardiña, volven outra vez para o interior de dito Forno, agardando que pase outro ano para poder manifestarse de novo saíndo ao exterior, peiteando a carón do Forno dos Mouros.





O PÉ DA MULA NA SERRA DA PANDA



Endo a Virxe andaba polo mundo, cansa de tanto camiñar, subiuse a cabalo dunha mula, pois quería achegarse ao Santuario de Santa María de Portas, situado en San Sebastián de Devesos no concello de Ortigueira e que está situado nun fermoso paraxe.

Dirixíase cara el pola Serra da Panda. A mula, como o terreo era empinado, costáballe subir e máis ao levar a Nosa Señora enriba, polo que parouse na pena de súpeto sen querer seguir cara adiante.

A Virxe insistíalle e a mula non arrincaba.

Contan os maiores do lugar que entón a Virxe berroulle:

– Ferra, mula!

Entón a mula arrincou a andar con tal forza que deixou as súas pegadas na pena, gravadas coma se no chan mollado ou na area pisara.

Dende entón, a ese lugar da Serra da Panda, chámasele “O pé da mula”, pois alí seguen as súas pegada na pena aínda hoxe.

Chegou a Virxe, montada na mula, ao Santuario de Portas, e como tiña moita sede, achegouse a beber á fonte que hai a carón de dito Santuario. Tamén, e dende entón, chámasele “a fonte da Virxe” e dise que beber dela axuda a sandar os males e dálle boa sorte ao que dela bebe.





O POZO DA VELLA, NOS CANDEDOS DE ABAIXO




lá nos tempos nos que os galegos para gañarse o pan, con que poder subsistir ao longo do ano, ían segar a Castela, aconteceu que nunha desas cuadrillas que se formaban ía un veciño do Freixo. Estando traballando en terras de Castela, soubo de que o dono dos eidos que segaba tiña unha filla moi enferma, afectada dun mal para o que os médicos non tiñan cura naqueles tempos. El, falando un día co patrón comentoulle que nas terras onde el era había unha capela, en Pena de Francia, onde había unha Virxe moi milagreira para a curación deste males raros. O home, moi interesado por mor da súa desesperación, fíxolle moitas preguntas ao do Freixo sobre dita Virxe. Polas respostas que lle daba, chegou á conclusión de que tiña que mandarlle, por unha banda, unha ofrenda á Virxe e, pola outra, un obxecto ou prenda da filla que levara posta algún tempo. Como ofrenda decidiu mandarlle un bolo de pan, dos que alí facían e que tiña dous cornos e que moitos galegos traían tamén para comer polo camiño, e como prenda, unha fita do pelo da nena que esta levara na cabeza durante un tempo.

De volta á súa casa, o noso veciño, como de Castela ao Freixo non se chega nun día, nin en dous, rematou a comida e decidiu comerlle un corno ao bolo da ofrenda. Cando pasou polo Pozo da Vella, nos Candedos de Abaixo, pensou que o bolo cun corno non semellaba moi ben como ofrenda e arrincoulle o outro e tirouno no Pozo da Vella. Deseguido a auga comezou a marearse e pouco a pouco veuse atraído por ela, tanto que tivo que agarrarse a un carballo que alí había. Máis a atracción ía crescendo e como nunha man levaba a cinta, decidiu amarrala ao carballo e deixala alí, para así poder fuxir da atracción. Así o fixo e, cando levaba uns metros afastado do Pozo e do carballo, veu como a árbore ía parar ao fondo do Pozo e era engulido polas súas augas. Proseguiu o seu camiño cara Pena de Francia, chegou a ermida, ofreceulle o bolo, xa sen cornos, á Virxe e contan que dende ese intre a rapaza, alá en terras de Castela, comezou a mellorar.

Dende entón, din que polo día de San Xoán, sae unha vella do Pozo montada un burro e pasea a carón do Pozo da Vella.

(D. Miguel Vilaboy Ramil)





MAMEDE CASANOVA, ALIAS “TORIBIO”, O BANDOLEIRO



As terras de Eume e Ortegal, estiveron, coma moitas outras, percorridas polos bandoleiros. Entre eles, polas terras de Ortegal e as do Freixo, temos ao coñecido como “Toribio” que como bandoleiro forxouse a súa lenda particular na que, unha pega, é tamén protagonista.

Mamede Casanova nace no ano 1882 na parroquia de Grañas do Sor, no concello de Mañón. Parece ser que a súa actividade vandálica comeza cando tiña quince anos e iníciase no roubo nas sepulturas no cemiterio de Grañas do Sor, despoxando aos cadáveres das roupas e obxectos de valor co que eran enterrados. Foi descuberto como autor de ditos feitos cando, nunha festa, presentouse vestido co traxe e levando o anel dun home rico, un indiano, que fora enterrado había uns días cun bo traxe de caxemira, un anel e cos seus dentes de ouro, que Toribio tamén lle arrincara. Apresado, foi condenado a prisión correccional en Ortigueira. Xa ceibo, e con 17 anos, vai a un baile parroquial e dálle unha malleira a un mozo matón do lugar e tamén ao alguacil que lle reproba o feito, volvendo a ser detido. Cando volve a saír do cárcere, xúntase con outros cinco individuos, algúns deles coñecéraos no cárcere, e comezan os asaltos e roubos. O 24 de novembro, de 1900, asaltan a casa reitoral de Grañas do Sor, rompendo portas e paredes, sen arredarse da defensa que intentara poñer o párroco. Eles fan uso das armas e realizan algúns disparos. O crego escapa por unha fiestra. Son recoñecidos pola criada e présana. Dentro da casa, alguén dispara un tiro e acaba coa vida da muller, de nome Manuela Domínguez. Parece ser que para que non os descubrira. Deste crime foi acusado “Toribio”, aínda que non estivo claro quen fora o autor do disparo. Ao parecer, un sobriño da desventurada,

foi quen o acusou, xa que estaba na casa, agachado detrás dunhas táboas, dende onde presenciou os feitos sen ser visto polos foraxidos.

Os bandidos foron todos apresados, incluído “Toribio” que foi acusado do crime, aínda que pouco tempo despois logrou evadirse do cárcere de Ortigueira rompendo as cadeas e saltando por unha fiestra. Ao pouco tempo foi detido de novo.

E outra vez preparou a súa fuga. Chamou con engano ao vixiante ao calabozo e deulle un golpe na testa, cun ferro da cama, que o deixou sen sentido, saíndo Toribio ao corredor, onde atopou a un ordenanza, ao que tamén atacou, deixándoo inútil, gañando a porta e logrando consumir a fuga.

Durante un par de anos, Mamede, foi un fuxido da xustiza, sendo protagonista de fugas espectaculares e ocupando os titulares de varios xornais, entre eles, o Liberal de Madrid, no que a miúdo, aparecía o bandido de Mañón e as súas fugas.

El escapaba de todas as persecucións da Garda Civil, armado ata os dentes e cunha puntería moi atinada.

Nunha ocasión, a Garda Civil, tivo novas de que se atopaba polas marxes do río Sor, e coas debidas precaucións foron a darlle caza. Cando chegaron, Toribio xa os agardaba e o garda Juan Fernández Vicuña, recibiu un tiro de escopeta no que postas e perdigóns perforaron todo o seu corpo, deixándoo moi ferido. O bandido logrou fuxir unha vez máis. Por este delito sería máis tarde condenado a vinte anos de reclusión.

Chegouse, entón, a ofrecer recompensa pola súa captura, 300 duros a quen informara do seu paradiro.

E aquí xurdiu a lenda de Mamede Casanova, pois segundo el dicía, tiña unha pega que o viña a avisar cando se aproximaba a Garda Civil e el poñíase en alerta, fuxindo sempre a tempo das trampas que lle poñían.

Mais no ano 1902, o cura do Freixo (As Pontes), D. Antonio Prieto Poupariña, (Don Enrique di que se chamaba D. Basilio Prieto Poupariña) que se dicía seu amigo, tendeuille unha trampa, xa que o convidou a xantar na súa casa, onde o agardaba a Garda Civil e tres paisanos; cun contrasinal acordado co crego previamente, xa que este daría un zapatazo ou taconazo no chan no momento axeitado.

El sospeitou do cura, mais accedeu a ir xantar á casa reitoral. Cando Toribio estaba xantando o crego deu un zapatazo no chan coa desculpa de que tiña os pés fríos e ergueuse para pasear. Nese intre, abalanzáronse os dous gardas e os tres paisanos


para apresalo. Comezaron unha pelexa descomunal entre eles, onde Toribio firiu un garda civil e, o outro, disparoulle a Toribio, causándolle unha ferida grave, que estivo a punto de costarlle a vida. El mesmo demandou confesar co cura, a pesar da faena que lle fixera, pois coidaba que ía morrer. Foi enviado ao hospital. Unha vez recuperado, foi enviado de novo a prisión. Para reduci-lo nas súas constantes acometidas e intentos de fuxida, foi custodiado por un coñecido carcereiro galego da época, Hilario Rico, home robusto e de complexión forte, ao que lle resultará difícil ter que enfrontarse a un sempre combativo Mamede Casanova que nunca dará o seu brazo a torcer, aínda que haxa sempre números da Garda Civil preto del, coa orde expresa de dispararlle se intenta a fuxida.

Foi declarado culpable na Audiencia de A Coruña no ano 1903, e sentenciado a morrer no garrote vil, aínda que foille conmutada a pena polo rei Alfonso XIII por trinta anos de prisión.

Pouco se sabe dos últimos anos da súa vida. Sábese que regresou a súa aldea natal, Grañas do Sor, mais non volveu retomar os seus vellos pasos. Tamén que se veu mendigando pola Coruña. Descoñécese a súa data de falecemento, aínda que se sitúa nos anos corenta do século pasado.

Hoxe, en As Pontes, o lembramos nun mural nunha fachada das casas sindicais, na praza do Carme, xunto coa súa pega, amiga inseparable e vestindo co traxe de caxemira do defunto.





A COBRA QUE MAMABA O LEITE NO CANTO DO NENO, NO DEVESO

Galicia é un país de monte polo seu clima e, polo tanto, de vexetación e fauna moi variada. Un país no que as cobras son abondosas e, na maioría das veces, non son danosas; máis ben todo o contrario, xa que eliminan moito roedor prexudicial para as colleitas. Mais, en moitas ocasións, na procura destes roedores, achéganse ás casas, como sucedeu neste caso.

Contan que no lugar do Deveso, nacera un neno que se criaba san e forte só alimentándose do peito da súa nai, sen precisar de papas nin outras lérias. O neno criábase moi ben e medraba que daba gloria velo, como dicían todas as mulleres do lugar.

Mais de súpeto, o neno deixou de medrar e ata perdeu algo de cor. A nai non sabía moi ben que lle pasaba, polo día alimentábase ben e parecía recuperar, e o neno non se queixaba de nada, so desmerecía dun día para o outro.

A nai, falando co pai, estiveron maquinando que podería acontecer, e pensou nas tomas nocturnas, pois o rapaz, dúas veces na noite, zugaba da teta. Ela díxolle ao home:

– Eu non sei o que mama pois ás veces adormezo con el na teta.

Entón acordaron que o home controlaría o que mamaba o neno pola noite, por se non lle chegaba.

E así aconteceu, chegou a noite, foron durmir e cando alá polo primeiro sono espertou o neno para mamar, a muller chamou polo home para que controlase por si ela quedaba durmida. Co a arela de ver o que acontecía non se durmiron e o neno mamou ben ata que se encheu. Logo volveron a durmir. Na segunda toma, a muller volveu a chamar polo home, puxo o neno á teta e ela adormeceu. Entón o home veu

o que acontecía. Silandeira, por un burato nas pedras da parede, entrou unha cobra, subiu pola cama e púxose enriba, pouco a pouco foi introducíndolle o seu rabo na boca do neno e sacándoo da teta e ela púxose a mamar dela. Así o neno co rabo na boca seguía mamando sen chorar.

O home foise achegando amodiño, pillou a cobra e matouna. O neno, ao sacarlle o rabo e deixar de mamar, chorou. A muller espertou e veu o acontecido e decatouse do que pasaba, mentres ela durmía a cobra mamaba e o neno non.

Esa mesma noite o home tapou o burato para que non volvera a pasar. Dende entón o neno seguiu medrando coma sempre e foi un rapaz forte co tempo.





A COBRA E A VACA NO LUGAR DO DEVESO



omo é ben sabido pola nosa xente, as cobras son gustosas do leite e fan todo o posible por obter o, que para elas, é un manxar.

No lugar do Deveso, noutra ocasión, tamén tivo lugar outro feito cunha cobra.

Resulta que un veciño tiña unha vaca parida que daba moi boa leite ao cuxo e este medraba moi ben. E era tanto o que daba que e aínda lle sacaban leite para todos os da casa. Pero de súpeto, a vaca xa non daba tanto, mantiña o becerro e pouco máis, para os da casa xa non chegaba.

O dono estrañado, comezou a preguntarse o que pasaba, pois non era normal que a vaca deixara de dar leite tan de repente. Chamou ao menciñeiro e este, por moito que mirou, non lle atopou nada anormal á vaca. O home seguiu cavilando e, despois de darlle moitas voltas, pensou se viría alguén a muxila pola noite, polo que decidiu asexala na cuadra esa noite.

Ata ben entrada a noite, non aconteceu nada raro, todo estivo tranquilo coma unha noite normal. Máis, cando xa estaba a punto de quedarse durmido, o home veu como pola pata traseira da vaca subía unha cobra que se enroscaba nela e mamaba dos tetos da vaca. A vaca non se alteraba porque coidaba que era o dono que a estaba a muxir. E así foi como descubriu o home o que lle acontecía á vaca e por que non daba tanto leite. Matou a cobra e acabouse o problema. A vaca volveu a dar leite para o becerro e para os da casa.





PEPA A LOBA NAS FRAGAS DO EUME



N

o primeiro terzo do século XIX houbo unha intensa actividade bandoleira na comarca do Eume, ao arredor das Fragas e da súa contorna.

Os seus asaltos estaban dirixidos tanto aos ricos coma aos pobres, non eran selectos. As xentes de As Pontes chamábanlles “fouciosos”, moitos deles carlistas derrotados, segundo lembraban os nosos maiores.

Cando se sabía que andaban a roubar pola zona ou que os viran vir, as mulleres fuxían co gando agachándose nunha zona do río que lle chamaban o “cortello do porco”.

Ben, pois unha destas gavelas de ladróns era a da Pepa a Loba, sobre a que hai moitas historias ao longo de Galicia adiante segundo se lea a distintos autores de traballos feitos sobre a súa vida e nos que uns sitúan o seu lugar de nacemento nun concello de Lugo e outros, nun concello de Pontevedra. Por descoñecer o verdadeiro, imos quedarnos en que nace nunha parroquia galega, aproximadamente, polo ano 1835, froito dunha violación da súa nai por un individuo chamado Albeite, irmán do tenreiro da parroquia. A nai era coñecida como “A Falucha”, que era pobre, máis amaba a súa filla Josefa ou Pepa, e compartía con ela todo o pouco que tiña.

E dende aquí, imos quedarnos coa versión que a sitúa na nosa zona e que se espallou oralmente no tempo.

Cando era pequena, presencia a violación da súa nai, outra vez polo individuo chamado Albeite; a súa nai queda embarazada e morre no parto. Ela, orfa, queda ao coidado da súa tía Dorinda que a pon a mendigar polas feiras e a coidar rabaños de ovellas e cabras.

Pepa tiña un can chamado Lueiro que a acompañaba no coidado das ovellas e das cabras. En certa ocasión, o rabaño foi atacado por un lobo. Pepa fíxolle fronte cun pao e coa axuda de Lueiro deron morte ao lobo. Deste feito e de outros posteriores, derivaría o nome de Pepa a Loba.

A súa tía, co fin de obter algunha ganancia económica, a leva a traballar a casa do tendeiro. Este tómalle agarimo e porfillaa, facéndoa a súa herdeira e mandando vir a un estudante, Daniel, para que se ocupe da súa formación. Despois acontece que os dous mozos fanse noivos e un día o tendeiro aparece morto cun coitelo de cociña cravado no peito e comézanse a torcer as cousas.

O mozo é exculpado do asasinato, mais non así Pepa que é encadeada, xulgada acusada do asasinato do tendeiro e condenada a cadea perpetua.

Logrou fuxir da cárcere pedindo axuda espiritual ao crego do penal. Cando este estaba descoidado na cela, deulle un pao na testa e deixouno tendido na cela, colleu as súas roupas e vestido de crego saíu do presidio.

A súa teima era vingarse do Albeite, irmán do tendeiro e pai dela; pois fora el quen o matara para quedarse coa herdanza unha vez que soubera que a herdeira era Pepa.

Armada cunha pistola e co seu can Lueiro, marchou na súa procura e cando o atopou, encirrou ao can para que o matara. Logo fuxiu, refuxiouse nas fragas co seu amado Daniel, onde sobrevivirá como xefa dunha gavela de bandidos que serán coñecidos por “a gavela de Pepa a Loba” e as súas fazañas situarana en moitos lugares por terras de Viveiro, de Ferrol, de As Pontes, de Xermade, de Pontedeume, de Cabanas... e, concretamente, nas concas dos ríos Eume, Sor, Landro e Grandal.

Cóntase que asaltaba as casas dos ricos, pazos, as reitorais e comerciantes nos camiños e que axudaba aos pobres.

Tiña o seu refuxio nunha casa no concello de Xermade, en Lousada, concretamente na Abelleira que aínda hoxe é coñecida como a casa da Neveira, ou casa de Pepa a Loba, onde se conservan as troneiras para poder defenderse. Alí tiña casa e pousada, en pleno Camiño Real de Carba, entre Mondoñedo e Ferrol. Nela daba servizo aos viaxeiros e comerciantes con comida e aloxamento. Quedou embarazada e tivo un fillo ao que coidou. Logo, morto o seu home, volveu a saír aos camiños e seguiu coas súas fazañas de bandoleira pero sempre lonxe do seu refuxio.

Foi detida pola Garda Civil na Serra do Xistral e estivo presa no cárcere de Mondoñedo, e dende alí foi levada ao cárcere de mulleres de A Coruña, onde se sabe que a visitou Dona Concepción Arenal.

Logrou fuxir unha vez máis do presidio, mais nunca se volveu a saber dela. Algúns din que volveu para a súa casa co seu fillo.

As súas fazañas seguiron vivas e dando que falar a varias xeracións na nosa Galicia mítica, nacendo a lenda de Pepa a Loba.

Hai recollida unhas estrofas en castelán sobre ela e que din así:

Aún recuerdan los más viejos
de Pepa la Loba andanzas
por Germade y por Cospeito
por Muras y Santaballa.

Cometió robos y crímenes,
vivió en el monte escondida
hasta que quedó
su banda disminuída.

Pepa vivió con un hombre
que de marido trataba
en una casa en Roupar
que está cerca de Villalba.

Allí moriría un día
en la Abejera instalada
viuda cuidando un hijo
y no se supo más nada.





A PENAS DAS COSTUREIRAS NO MONTE FORGOSELO

No Monte Forgoselo hai unha pena que se chama a Pena das Costureiras. Polo lugar dicían que estaba encantada e chea de tesouros. Tamén contaban que só se podía coller unha soa cousa das moitas que alí había na noite de San Xoán, unha hora antes do amencer, que era cando se abría a pena e, de entrar, só coller unha cousa e só unha vez na vida.

Preto do lugar, había un matrimonio que levaba unha vida pobre e case non tiñan para manter aos seus fillos, polo que decidiron ir pola noite de San Xoán na procura dalgún tesouro para tratar de mellorar a súa precaria vida, e así o fixeron. Chegada a noite de San Xoán, foron á Pena das Costureiras, agardaron ata unha hora antes do amencer e, entón, abriuse a pena; entraron nela e era certo, alí dentro había de todo, tamén ouro. A señora, como era moi humilde, colleu só unha máquina de coser coa que había de sacar adiante a súa familia. O home, máis cobizoso, comezou a coller todo canto podía, sen decatarse do tempo que perdera mirando todos aqueles tesouros que alí había e que estaba amecendo e o penedo comezaba a pecharse. O home veuse apurado e para poder saír e non quedar alí para sempre, non lle quedou máis remedio que deixar todo o que levaba enriba e escapar no derradeiro intre no que a pena pechaba. Mais a Pena da Costureira, como castigo a súa cobiza, arrincoulle un dedo da man ao escapar, e tivo sorte de non deixar alí a man enteira.

(O Retorno, M. E. de A Capela. Asociación Padroado do "Museo Etnográfico de A Capela., 2009).





A FONTE SANTA DE CABREIROS



Na parroquia veciña de Cabreiros, do concello de Xermade (Lugo), hai unha fonte coñecida como a Fonte Santa ou Fonte da Santa Mariña. Se un se achega a este lugar pode ver onde estivo sentada a mártir e onde pousou as mans para beber, aínda que o primeiro home que a viu na terra non foi a carón desta fonte, senón nun lugar chamado Porto de Santa Mariña.

Esta Santa Mariña morreu decapitada e é a mesma que a Santa Mariña das Augas Santas, en Allariz (Ourense).

En Cabreiros non saben de certo se a mataron alí ou en Allariz, pero aseguran que os que beben auga desta fonte aparécelles Santa Mariña, santa patroa de Cabreiros-Xermade.





A FONTE SANTA DE AS NEVES NA CAPELA



carón do santuario da Nosa Señora das Neves, no concello de A Capela, atópase a chamada Fonte Santa e que conta a lenda que cando a Virxe andaba viaxando polo mundo, chegou a este lugar de As Neves, e, coa sede que traía, foi beber a esta fonte, que dende entón se coñeceu como A Fonte Santa. E aínda despois da asunción de Nosa Señora ao ceo, hai quen di que o día cinco de agosto de cada ano, no que se celebra a súa festa, volve ao lugar e o seu rostro aparece fugazmente reflectido nas augas cando un se achega a beber nela. Seica é moi milagreira a auga desta fonte, sanda as dores de moas, pero para que o remedio sexa efectivo non basta con beber dela, cómpre tamén rañar nas pedras da mesma coas uñas das mans.





O ANEL DE SAN ROSENDO



San Rosendo naceu en Portugal, concretamente na cidade de Santo Tirso, no ano 907. Foi bispo de Mondoñedo dende 925 a 950 e dende 955 a 958.

Un dos seus lugares preferidos para o retiro e a vida contemplativa era San Xoán de Caaveiro. Unha mañá de xaneiro, con néboa e orballo, ergueuse e foi camiñar preto do río, como facía cada mañá para meditar e resolver de mellor xeito os problemas que se lle presentaban no seu bispado. Xa había uns días que chovía e non levaba trazas de parar o que dificultaba os seus paseos matinais en grande medida, por este motivo queixouse a Deus pola chuvia que caía e pedíndolle que a detivera. Nese intre, decatouse da ofensa que fixera, pois a vontade do Creador non debe ser contrariada. Entón, en sinal de arrepentimento, guindou o seu anel episcopal de ouro ao río, pregándolle a Deus que o perdoase por tal ofensa e pensando que cando Deus lle outorgase o perdón pola súa soberbia, lle había de devolver o anel.

Pasou un tempo, e un día dous monxes do mosteiro foron pescar uns reos ao río, para eles e os seus compañeiros. Colleron varios e cando o irmán cociñeiro os estaba a limpar, comprobou que un deles traía no seu aparato dixestivo o anel que San Rosendo botara ao río.

Todos pensaron que este feito era un milagre. San Rosendo deulle grazas a Deus por terlle perdoado a súa ofensa.





ROXÍN ROXAL

Pontedeume sempre foi unha vila que durante a Idade Media estivo asediada polos piratas para saqueala. Nunha ocasión, alá polo solpor do século XIV, chegou un grupo de piratas a Pontedeume e entre eles viña un que chamaba a atención dos poboadores da vila, pois nunca viran unha persoa así. Este pirata tiña a súa pel totalmente branca coma a neve e o seu pelo roxo.

No palacio do señor de Andrade, traballaba unha doncela que cando o veu quedou engaiolado del. A el tamén lle atraeu aquela doncela e entre eles naceu un intenso e apaixonado amor. A ledicia non duraría moito, pois cando os piratas marcharon da vila o pirata de pel branca e pelo roxo tamén marchou internándose no mar cos seus compañeiros e nunca máis se soubo del.

De alí aos nove meses a doncela deu a luz a un neno que, ao igual co seu pai, tiña a pel branca coma a neve e o pelo roxo. A súa nai decidiu chamalo Roxín Roxal.

Os señores de Andrade tiñan en grande estima a doncela pola súa lealdade e bondade, polo que decidiron mantela ao seu servicio. En canto ao rapaz, cando cumpriu, os quince anos, o señor de Andrade chamouno para poñelo ao seu servicio como paxe, encargándolle que servira no castelo erguido sobre a pena Lobeira, onde quedou a vivir dende entón.

O señor de Andrade tiña dous fillos, Pedro e Fernán, e unha filla, Tareixa e vivían no palacio de Pontedeume. A filla era unha rapaza inqueda, alegre e moi fermosa. Gustaba moito de recorrer as terras do seu pai a pé, en barco ou a cabalo e internábase polas fragas do Eume, polo monte Breame e polas praias da contorna.

O seu pai, andaba un tanto preocupado porque temía que lle puidera pasar calquera cousa nestes percorridos, xa que era inconsciente dos perigos que lle podían

acontecer polos camiños, xa que feras e salteadores estaban por todas partes. Polo que decidiu encomendarlle o seu coidado e a súa protección a Roxín Roxal, xa que coidaba que era un mozo forte, valente e leal e confiaba nel para dita misión.

Roxín Roxal, seguindo as ordes que lle dera o seu señor, comezou a acompañar a Tareixa nas súas saídas un día tras outro e, pouco a pouco, foi nacendo entre eles unha amizade forte que día a día transformouse en amor por ámbalas dúas partes.

Mais para Roxín este amor que se intensificaba cada día que pasaba, tamén lle ía producindo, no seu interior, unha inquietude e unha melancolía que o tiña sempre triste. O rapaz, vía a realidade e non tiña esperanzas, decatábase de que aquel amor intenso que sentía por Tareixa nunca tería bo fin, pois el era un simple paxe e ela, a filla de don Nuno, o seu señor. E isto traducíase en que, cando non estaban xuntos, el subía á torre do castelo co seu laúde e mirando ao palacio de Pontedeume, tocaba e cantaba tristeiras baladas amorosas polo seu amor imposible.

O noivado tivo pouca duración, pois o señor de Andrade, cando se decatou do que acontecía entre a súa filla e o paxe, prohibiulle a Roxín Roxal volver achegarse a ela baixo ningún motivo e prohibiulle a entrada na vila de Pontedeume e destinouno á o castelo da pena Lobeira sen poder saír dos seus arredores. Don Nuno non podía permitir que a súa filla, nobre, casase cun paxe, un home de condición humilde, un servo. Entón buscoulle un noivo para a súa filla que fose da súa clase e decidiuse por don Henrique do Osorio, membro tamén da nobreza e que ademais lle conviña ao señor de Andrade para ampliar a súa forza ante o Rei. A voda celebrouse ao pouco tempo, aínda que era unha voda por compromiso, sen amor.

Roxín Roxal, leal ao seu señor, don Nuno, cumpriu as súas ordes e non se ausentou para nada do Castelo de Andrade nese tempo. Don Nuno, vido a lealdade do seu paxe, quixo facerlle un agasallo e deulle unha valiosa daga que levaba as iniciais R.R. gravadas na súa empuñadura. O paxe agradeceulle o xesto, mais non lle dixo o que aínda seguía a sentir pola súa filla e de que seguía a subir, todas as tardes, á torre para ollar cara Pontedeume, tratando de distinguir a súa namorada. Tareixa, sen sabelo, facía o mesmo, todas as tardes subía á torre do palacio en Pontedeume ollando fixamente a pena Lobeira tratando de ver ao seu amado, Roxín Roxal, no castelo ou nos seus arredores. O amor era forte entre eles.

Un día, aconteceu que viñeron uns labregos das terras de don Nuno, a queixarse de que un feroz xabaril estragaba as súas colleitas e que xa matara a algúns veciños cando intentaran darlle caza. O de Andrade e os seus fillos andaban ocupados noutros

mesteres neses momentos e non podían cazalo, polo que chamou ao seu xenro e lle pediu que se encargase do tema. O de Osorio comprometeuse a matalo. Organizou a cacería, mais como non coñecía ben aqueles territorios pediulle a súa dona, dona Tareixa que o acompañase e esta así o fixo.

Sáíron e andaron parte do día seguindo no rastro sen atopar ao xabaryl, xa no solpor e, cando ían cruzar a ponte que Fernán Pérez de Andrade construíra sobre o río Lambre para unir os dous feudos de Pontedeume e Betanzos, vírono vir de fronte a eles. Henrique Osorio, cando veu que tiña a tiro ao feroz animal, disparoulle unha frecha e feriuo. O animal, ao verse ferido, coa dor arremeteu contra a partida de cazadores. O covarde do Osorio, sen pensar en ninguén máis ca el, guindouse do peitoril da ponte ao río para salvar a súa vida, mentres o cego animal ferido arremetía contra a súa muller, Tareixa, unha e outra vez, ata deixala morta e fuxir ferido polo monte abaixo.

Don Nuno, ao coñecer o acontecido, desgarróuselle o corazón, xa que o amor de pai era moi forte nel.

Poucos días despois, na mesma ponte de Fernán Pérez, apareceu o xabaryl morto, tiña unha daga cravada na súa gorxa. A daga levaba as iniciais R.R.

Don Nuno, decatouse de quen era o dono daquela daga, pois el lla tiña regalado pola lealdade demostrada, non era outro que Roxín Roxal, namorado perdidamente da súa filla Tareixa. O malpocado Señor de Pontedeume, comprendeu demasiado tarde que ter impedido aquel noivado da súa filla co leal e fiel paxe fora un grande erro, un grande desatino, pois aínda sendo un servo, seguro que tería defendido moito mellor a vida da súa filla có nobre don Henrique de Osorio, pois a valentía de Roxín Roxal estaba demostrada e a covardía do de Osorio, tamén.

Dende entón, o lugar no que apareceu morto o xabaryl, coñeceuse co nome da Ponte do Porco e unha cabeza de xabaryl pétrea aínda se pode ver nun dos lados de dita ponte lembrando este feito.

De Roxín Roxal non se volveu a saber máis nada, perdéndose co seu amor na brétema do tempo.



BIBLIOGRAFÍA

FONTE SARDIÑA, J. *As lendas do Eume. Premio de Investigación Concello de Pontedeume 2011*. En: Revista Cátedra, nº 19. Pontedeume: Concello de Pontedeume, 2012.

LÓPEZ FERNÁNDEZ, X.M.; IGLESIAS RODRÍGUEZ, L. e GÓMEZ SOUTO, L. (CULTUREUME). *Proxecto de documentación do Camiño dos Arrieiros ao seu paso polos concellos de Ortigueira, Mañón e As Pontes de García Rodríguez (A Coruña)*. Ferrol: Seitura 22, 2019.

LÓPEZ FERRO, J.M. *Don Enrique Rivera Rouco: a súa vida e a súa obra*. As Pontes: Concello das Pontes, 2014.

LUACES PARDO, N. *A orixe do Cristo de Mouraz*. En: Revista das Festas Patronais do Carme e A Fraga. As Pontes: Concello das Pontes, 2006.

MACEIRAS RODRÍGUEZ, M.O. *Os nomes da Capela. Patrimonio oral*. En: Revista O Retorno. A Capela: Padroado do Museo Etnográfico O Pazo, 2004.

PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, E. e GÓMEZ BLANCO, A. *De lenda en lenda*. Ferrol: s.n., 1999.

REIGOSA, A. *Galicia encantada: enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia*. En liña: <https://galiciaencantada.com/index.asp>.

RIVERA ROUCO, E. *Historia de Puentes de García Rodríguez*. As Pontes: Concello das Pontes, 1976.

FONTES ORAIS

O meu agradecemento pola transmisión de lendas realizada polas seguintes persoas:

Ameneiro Vázquez, Salustiano.

Veciño do lugar de Pontoibo, As Pontes de G^a Rodríguez (A Coruña).

López Ledo, Germán.

Veciño do lugar do Paraño, As Pontes de G^a Rodríguez (A Coruña).

Ramil Barja, Juan e Ramil, Pablo (fillo)

Veciños dos concellos de As Pontes de G^a Rodríguez e Vilalba (Lugo)

Ramil Barja, Victor.

Veciño do lugar do Freixo, As Pontes de García Rodríguez (A Coruña)